

DOCUMENTOS

XIV ASEMBLEA NACIONAL

GALIZA
POLO DEREITO
A DECIDIR

SOBERANÍA
TRABALLO
IGUALDADE



17 DE MARZO DE 2013 NO
PALACIO DE CONGRESOS DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO DE COMPOSTELA



XIV Asemblea Nacional do BNG



• Relatorio da XIV Asemblea Nacional do BNG	2
• Resolucións	24
• Delegacións nacionais e internacionais convidadas	27
• Órganos de dirección do BNG	28
• Estatutos do BNG	31

RELATORIO XIV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

Espallar o nacionalismo, impulsar a democracia e revitalizar o BNG

Con esta XIV Asemblea Nacional pómoslle o ramo ao proceso de reflexión #proponconnosco sobre a situación social e política do país e o papel do BNG no dramático momento presente. Desenvolveuse durante tres meses de debate interno, aberto ao diálogo coa nosa base social e coas persoas interesadas no noso proxecto. Foi unha frutífera reconsideración de onde tiramos parte das propostas que recolle este relatorio.

O proceso #proponconnosco tiña a vista posta no futuro, coa vontade de corrixir erros pasados. Saímos dese debate co convencemento de que a Galiza precisa -hoxe máis que nunca- unha organización política xenuinamente galega para conquistar a soberanía e construír unha sociedade inclusiva, igualitaria e libre. A sociedade demanda novas alternativas para superar a crise económica, social e política, e temos que formulalas desde unha perspectiva galega e popular. Somos conscientes das expectativas levantadas con este proceso e non podemos fallar.

A XIV Asemblea non cerra o proceso emprendido senón que supón máis un paso no camiño para revitalizar o vínculo político e afectivo coa ampla base social que pode estar potencialmente interesada nas nosas análises e nas nosas propostas, e de forma especial cos sectores que historicamente viñeron apoiando o nacionalismo de esquerda.

O obxectivo da XIV Asemblea Nacional é, por tanto, o de logramos un BNG forte e preparado para enfrontar os momentos cruciais que está a vivir o país. Apostamos por un BNG que sexa capaz de facer chegar a súa mensaxe ao conxunto das clases traballadoras, á maioría social cuxos intereses defende. Queremos un BNG que se sitúe como o referente político innegábel para todas as persoas que na Galiza, desde a plena consciencia política, aspiraren á soberanía e á independencia nacional e para todas aquelas que quixeren un futuro de prosperidade e igualdade para o noso país.

Os acordos desta asemblea han servir para nos dotarmos dunha forza social suficientemente ampla que nos permita confrontar o españolismo abafante, defender os intereses da maioría social esmagada polo capitalismo globalizado e camiñar cara á soberanía para, por esa vía, ofrecer un futuro esperanzador ao país enteiro.

1.- Galiza, nun momento decisivo

A convocatoria da presente Asemblea Nacional prodúcese nun contexto de profunda crise social, política e institucional. Paradoxalmente, a crise política non afecta só ás forzas sistémicas senón tamén, aínda que de xeito diferente, ao espazo das forzas alternativas e vén afectando asemade ao espazo nacionalista no noso país. O debilitamento de opcións como a que representa o BNG foi sempre e é hoxe máis que nunca un obxectivo crucial dos poderes económicos, ideolóxicos e mediáticos para garantiren o control dunha situación en que a profunda crise debe abrir as portas a fórmulas alternativas.

1.1. Unha política económica neoliberal devastadora

A realidade presente está marcada por unha prolongada e devastadora deriva económico-social impulsada por e a beneficio do capital financeiro, que está a aproveitar a crise que el propio xerou para lle dar unha volta completa a un modelo social que aínda

mantiña parte das conquistas históricas e civilizadoras de décadas e décadas de loitas sociais.

Esta xestión da crise polos gobernos español e galego, submisos aos ditados da Troika xunto coa ausencia de soberanía da nosa nación, está provocando no noso país –ao igual que en toda a periferia europea– unha fonda e longa depresión económica. No caso da Galiza, a crise agrava os problemas estruturais que tiña e acelera o proceso de destrución do noso sistema produtivo –no sector agro-gandeiro-forestal, o pesqueiro, o industrial e o terciario–, que xa levou por diante 200 000 empregos, púxonos en 290 000 persoas paradas rexistradas e elevou a taxa de paro ao seu máximo histórico (22%). Esta porcentaxe de paro sería moi superior sen a enxurrada emigratoria e a baixa taxa de natalidade, por mor da situación socioeconómica. Ademais, é moi grave o aumento da explotación laboral, que se concreta na rebaixa salarial, no incremento da temporalidade, dos ritmos de traballo e da xornada laboral, así como no crecemento das horas traballadas que non se pagan e polas que non se cotiza. A reforma da negociación colectiva reforza estratexicamente a patronal. Ao mesmo tempo acrecentou a precariedade no emprego até niveis insoportábeis e converteu a marxinação e a pobreza nunha realidade ferinte na nosa sociedade (un 20% d@s galeg@s viven hoxe por debaixo do limiar de pobreza). Miles de persoas viven en fogares en que non hai ningún activo (294 000) e 92 000 familias teñen todos os seus membros no paro. O crecente número de desafuzamentos, a cantidade de persoas sen fogar e a mendicidade son unha expresión da gravidade que está a acadar a situación. A mocidade vese forzada a fuxir polos vieiros da emigración.

Para maior indignación imos vendo como canto máis se empobrecen as clases populares maior é a concentración de riqueza nun reducido número de mans.

A crise estende os seus tentáculos para eliminar os niveis de autonomía (persoal, económica...) que posibilitan as relacións desde a igualdade e a dignidade, atacando dereitos básicos que son irrenunciábeis (sanidade universal e gratuíta, educación galega e de calidade, gratuíta a todos os niveis, dereito á vivenda, emprego digno, sustentabilidade ecolóxica, dereito a decidir...). Isto plásmase nunha agresiva política de recortes que está desmantelando os servizos públicos básicos, reducindo a calidade do benestar de toda as persoas, especialmente das máis necesitadas, ao tempo que destrúe emprego público e abre as portas ás privatizacións. Aínda por riba, estas privatizacións prodúcense para o beneficio de empresas pertencentes quer grandes grupos financeiros, quer a grupos de carácter sectario e/ou relixioso.

Igualmente grave é o despezamento do sistema de caixas de aforros, que eran elementos esenciais para o noso desenvolvemento. Independentemente da nefasta xestión dos seus directivos, estas entidades foron condenadas á desaparición, tras a bancarización, polo goberno central e o Banco de España para as subtraer á competencia das comunidades autónomas. A pesar da frontal oposición do BNG, os seus activos –incluídas as quitas ás persoas estafadas coas “preferentes” e “subordinadas” – e a súa clientela van ser entregues á grande banca madrileña e aos fondos tabeiróns, seguindo o guiñón previamente establecido.

Estas políticas provocan tamén a perda dos nosos valores ambientais: o uso industrial de espazos naturais que deberían ser protexidos, a destrución paisaxística, a diminución da biodiversidade, ou o esgotamento de recursos naturais, provocan –máis aínda nun país dependente como Galiza– desigualdade social, precariedade, reconversión e submisión dos nosos sectores produtivos primarios a deseños foráneos contrarios aos nosos

intereses. Mercantilízanse os recursos naturais e o potencial social, afectando á cohesión, á calidade de vida e á saúde das persoas, subordinadas á lóxica do beneficio.

Perante esta realidade devastadora cobre máis vixencia do que nunca a necesidade dunha organización frontista como o BNG, o mellor instrumento para a maioría social galega poder afrontar axeitadamente as consecuencias devastadoras deste capitalismo en versión neoliberal. O BNG ten que representar a unidade desta maioría social, en toda a súa variedade, pois obxectivamente todas as persoas que a compoñen necesitan unha alternativa política nacionalista, con vontade de defender a nosa economía, crear emprego e garantir a xustiza social para os galegos e galegas podermos vivir dignamente na nosa Terra. Velaí por que é tan importante tamén, nun contexto como noso, a unidade do nacionalismo.

1.2. Unha estratexia de recentralización española e europea

Esa política devastadora para a nosa economía vai acompañada dunha estratexia centralizadora do poder económico, financeiro e político en Madrid, mais tamén cun fervor uniformizador español nos ámbitos lingüístico e cultural. En realidade, ese proceso centrípeto é impulsado de forma xeral polos neoliberais, as finanzas e as grandes corporacións: centralización "tecnocrática" cara a Bruxelas, recentralización política cara ás capitais dos estados.

No Estado español, ese proceso impulsado tanto polo PP como polo PSOE, está a producir unha laminación da xa cativa capacidade de autogoberno, coa colaboración entusiasta do goberno de Núñez Feijóo. A centralización total do sector financeiro, o corsé e o control dos orzamentos, a imposición central sobre materias que están recollidas como competencia exclusiva (sanidade educación, comercio etc) forman parte dun vasto





programa da dereita española. A lei do mercado único, a marca España e a anunciada reforma da Administración local do PP avanza nesa dirección cun claro espírito uniformizador. Os cambios que se queren introducir na Lei de Bases de Réxime Local e no Texto Refundido de Facendas Locais poñen o ramo a un proceso involucionista que procura suprimir as pequenas marxes existentes para outros modelos de organización territorial, política e económica. O recorte de competencias autonómicas para establecer fórmulas propias de organización territorial, a subsidiaridade da intervención pública na economía, o férreo control á prestación directa de servizos polos entes locais, vai acompañado do reforzamento das deputacións como contrapoder territorial. Colide frontalmente este esquema administrativo imposto co modelo territorial defendido historicamente polo nacionalismo galego, fundamentado nunha realidade singular (xeito específico de habitar o territorio) e, ligado a ela, a necesidade de vertebrar acaidamente o país. Daquela, a disolución de provincias e deputacións e a comarcalización do territorio, co recoñecemento das parroquias, continúan a se constituír en alternativas plenamente viventes. Con todo, o BNG articulará unha proposta política para, coa participación da militancia, definir o modelo específico de organización e vertebración do territorio nacional.

Esa estratexia ten unha correlación na drenaxe de recursos. Unha gran parte dos sacrificios que hoxe se impoñen a traballadoras e traballadores públicos e privados, á economía produtiva, ás persoas contribuíntes e usuarias dos servizos públicos son pura e simplemente recursos para encher o burato financeiro xerado pola elite económica española radicada en Madrid. De feito, para alén da pantalla das estatísticas oficiais, un estudo demorado dos datos mostra que a economía madrileña é responsábel de, cando menos, un terzo (34%) da débeda pública total do Estado español –unha cifra escandalosa, que representa máis do 27% do PIB do Estado español– e da maior parte da débeda privada. Por tanto, temos que afirmar con clarezza que o proxecto centralista impulsado pola dereita española no plano político ten tamén unha fonda motivación

económica, na procura da drenaxe de recursos desde a periferia para compensar as desastrosas consecuencias das desmesuradas ambicións do capitalismo centralizador.

A nivel europeo, a Unión Europea conduciu á destrución de capacidade produtiva dos países periféricos como o noso (nos sectores primarios e na industria) e privou os gobernos de instrumentos macroeconómicos chave (tipo de xuro, tipo de cambio, políticas sectoriais fortes) para pilotar a economía e corrixir os principais desequilibrios internos e externos. De feito, a gravidade da crise e a súa xestión pon de manifesto o fracaso da Unión Europea e da Eurozona e a vontade do goberno alemán de aproveitala para reforzar a súa hexemonía. Este modelo organizado polo sistema de capitalismo neoliberal, concentrou logo dos sucesivos tratados, o exercicio do poder centralizado en organismos non democráticos. Isto responde a unha nova fase de acumulación e concentración do capital, expropiando a soberanía e a riqueza dos países e causando unha desposesión material e empobrecemento das poboacións e singularmente da clase traballadora, nun proceso que non é reversíbel, pois esa é a finalidade coa que se crearon as institucións europeas.

Camiñar cara a unha Eurozona cun tesouro e un ministro de Finanzas común que teña un poder supremo no control e na fiscalización das contas dos estados, como parece propoñer actualmente o goberno alemán, sen seren as institucións europeas realmente representativas e democráticas, traduciríase nun reforzamento da tecnocracia e os grupos de presión, a comezar polo financeiro; e iso suporía unha nova involución democrática. Hai quen quere presentar iso como se fose un paso "federalizante" mais, en realidade, só serve para lle conceder a unha instancia "tecnocrática" comunitaria o poder de control e mando sobre os gobernos e parlamentos democraticamente elixidos. A proposta parécese bastante máis a unha configuración de tipo imperial que a unha federal: un poder metropolitano que sería Berlín e unha administración executora e fiscalizadora que sería Bruxelas, mais sen estruturas de poder federal realmente democráticas. Fronte á Unión Europea, en tanto que construción imperialista ao servizo do capital transnacional, nós consideramos plenamente lexítimo, oportuno e necesario o rescate da soberanía por parte dos pobos e das nacións que hoxe acaban sendo vítimas dun marco que degrada o progreso material e a democracia.

O BNG entende que cómpre enfrontarnos radicalmente á Unión Europea, que nin é democrática nin é social, é simplemente o modelo do capital globalizado, unha Unión Europea, ao servizo dos intereses dos monopolios e oligopolios tradicionais, e cuestionada de xeito crecente por amplas capas dos pobos, comezando polo pobo galego.

Ao igual que no seu momento o nacionalismo foi quen de analizar correctamente as graves consecuencias que para Galiza ían ter as políticas da UE sobre os países periféricos (singularmente sobre o noso, ao amputar gravemente a súa capacidade produtiva), cómpre hoxe abriremos un amplo debate social e adoptarmos unha posición sobre o futuro do euro, así como sobre as repercusións na nosa economía do tratado de libre comercio que está a negociar de xeito semiclandestino UE e EE.UU.

É necesario sumar o maior apoio social posíbel no noso país a prol da superación da UE, facendo que a soberanía dos pobos e o dereito de autodeterminación sexa o alicerce do relacionamento europeo, apostando por unha Europa plenamente democrática, respectuosa coa diversidade nacional, cultural e lingüística, orientada con base nos principios da xustiza social, a igualdade, a paz, a defensa do medio natural e o dereito ao traballo digno.

1.3. Unha crise política e institucional

XIV Asemblea Nacional do BNG

Todo o conxunto de forzas desatadas nesta crise están a pór ao descuberto unha profunda crise institucional, crise política e crise da propia democracia formal. Con esta crise poden verse con máis evidencia que nunca as consecuencias da ausencia de soberanía e a erosión que iso provoca no sistema de representación democrática, como o BNG vén denunciando historicamente. Non podemos esquecer que a realidade política e institucional que estamos a vivir é, en boa parte, froito dunhas circunstancias herdadas e impostas desde o franquismo. As forzas sistémicas aceptan esa perda de soberanía e colaboran para situar as institucións ao servizo submisivo do mercado e dos poderes económicos. Deste xeito, a democracia perde o seu contido e prodúcese unha auténtica crise política, de desafección e de distanciamento da cidadanía a respecto do sistema político, das institucións de representación e dos propios partidos políticos. Máis aínda, os poderes económicos e os seus altofalantes aproveitan esa indignación para pór en marcha unha estratexia para desprestixiar o espazo público, a acción de intervención socio-política e as propias organizacións políticas co ánimo de deslexitimar calquera alternativa.

A combinación de todos eses factores está a provocar unha auténtica crise de lexitimidade que crea as condicións para un cambio de réxime no Estado español. Nese contexto, é hora de situar no primeiro plano as alternativas reais e de fondo a un modelo en descomposición.

Como consecuencia dese diagnóstico, o BNG considera a soberanía como unha condición para a democracia adquirir un contido real e reflectir a capacidade de decidir de cidadás e cidadáns e dos pobos. Por iso situamos a conquista da soberanía no centro da solución á crise deste capitalismo globalizado, liberalizado e desregulado. A capacidade para controlar o aforro, os recursos, regular a economía, desenvolver os sectores estratéxicos,



crear emprego, preservar a calidade dos servizos públicos, apostar por un desenvolvemento sustentábel, facer realidade a soberanía alimentar, continuar o camiño de lograr a autonomía e a capacidade de decidir das mulleres, depende, cada vez máis claramente, da conquista da soberanía real.

1.4. Papel do BNG no contexto político actual

O BNG vén representando desde hai 30 anos a defensa inequívoca dos intereses de Galiza e das clases populares. De modo especial, nos últimos 4 anos converteuse na forza política que abandeirou a oposición ás medidas antisociais e antigalegas adoptadas polos sucesivos gobernos españois e da Xunta, claramente lesivas para o noso país, presentando sempre alternativas. No entanto, ese papel activo e decidido do BNG non tivo un correlato de apoio na cidadanía, particularmente nas últimas eleccións galegas. Sen seren os resultados electorais o único criterio para avaliar o suceso ou non da organización, é evidente que son un indicador da existencia de problemas que cómpre resolver, especialmente nun contexto como este, que debería ser favorábel a organizacións políticas opostas ao actual sistema. É por iso que abrimos un profundo proceso de reflexión e debate en que, con vocación autocrítica, quixemos analizar as circunstancias que nos levaron á actual situación.

É obvio que influíron factores alleos que sempre estiveron presentes con maior ou menor intensidade. Aínda que é probábel que a organización estivese peor preparada que noutros momentos para afrontar estas dificultades, son fundamentalmente os factores internos os que nos corresponde analizar, pois son os que está na nosa man corrixir e nos que podemos definir iniciativas de actuación. Nese sentido, o documento que resultou do proceso de reflexión foi un elemento esencial para identificarmos medidas en positivo incorporadas ao presente relatorio.

No debate postelectoral e no contacto coa nosa base social constatamos como elemento central a imaxe de homologación con forzas sistémicas que paira sobre o BNG, consecuencia de prácticas desde as institucións non sempre acertadas e coherentes ou carentes de auténtica vontade transformadora. E aínda, en moitas ocasións ficamos pres@s de certa "corrección" política nas formas nun momento en que estas son cada vez peor valoradas socialmente. Embora os esforzos de corrección, particularmente na XIII Asemblea Nacional, temos que recoñecer que non fomos capaces de que fosen sempre asumidos polo conxunto da organización e percibidos socialmente. Temos, por tanto, que estar conscientes da relevancia de asumirmos que o labor institucional do BNG ten que estar en relación, con coherencia, co traballo social e político que a organización desenvolve e ten que servir para que se visualice un BNG decidido a mudar o estado das cousas.

Sendo conscientes destas cuestións, non podemos esquecer ou minimizar o patrimonio colectivo que representa o nacionalismo nin minusvalorar a importancia de sermos a única forza política que non ocultou ou renunciou á cuestión da liberación nacional, nin ignorar as capacidades, o compromiso e as fortalezas da militancia organizada a día de hoxe no BNG que é o que nos permitirá superar as carencias e marcar un punto de inflexión que nos permita avanzar.

2. Galiza precisa soberanía

A XIII Asemblea Nacional reafirmou con clareza que o obxectivo estratéxico do BNG é a soberanía nacional, concretada, a través do exercicio de autodeterminación, nun Estado galego democrático, laico e republicano: a República da Galiza. A soberanía reside exclusivamente no pobo galego e a súa defensa, para alén de responder á lexítima aspiración da Galiza como nación para determinar libremente o seu futuro, representa

tamén –e a cada día se torna máis evidente neste contexto– unha necesidade perentoria para podermos subsistir como pobo, para podermos enfrontar con mecanismos de decisión a difícil situación social e económica presente, para posibilitarmos, en definitiva, unha saída social xusta e democrática. É por isto que, sen renunciarmos á defensa dos dereitos que derivaren, como nación, de sermos suxeito político, debemos procurar aplicar a máxima pedagogía para facermos comprender a amplos sectores sociais a necesidade da soberanía.

2.1. A soberanía: condición esencial para decidir e termos un futuro colectivo

Para o pobo galego é vital ter capacidade de decidir sobre os recursos naturais, sobre o sector naval, sobre o sector agro-gandeiro-forestal, sobre a política pesqueira e marisqueira, sobre as entidades de crédito, por citarmos algúns exemplos de grande importancia. O dereito a decidir como solucionar os nosos problemas e defender os nosos intereses como pobo chámase soberanía. A soberanía é, pois, indispensable para desenvolver a nosa economía e crear postos de traballo, condicións para unha vida digna na propia terra. Sen capacidade de decidir, sen soberanía, hai dependencia e subordinación, causas da situación crítica que o pobo galego padece: emigración, avellentamento, paro, insuficiente autoestima e desconfianza sobre a capacidade para nos valer. A consecución da soberanía, por tanto, é unha cuestión central nestes tempos de globalización económica e política, se quixemos combater os males que produce.

A defensa da soberanía significa a defensa do dereito a determinar por nós mesm@s as condicións que deben guiar o aproveitamento dos recursos naturais, os modelos do noso sistema enerxético e medioambiental, o ordenamento territorial, a implantación de infraestruturas, incluíndo a xestión do espazo radioeléctrico, a orientación do



desenvolvemento científico, tecnolóxico e industrial, a determinación do fuso horario para o adaptar á nosa posición xeográfica e necesidades etc.

Temos claro que a capacidade para decidir non pode ficar restrinxida a un acto puntual coa convocatoria dun referendo de autodeterminación para o pobo galego apostar por unha alternativa política concreta. Porén, forma parte do proceso de expresión da vontade política democrática como suxeito político. Nese aspecto, todos os esforzos previos deben ir encamiñados a lograr que o pobo galego asuma a necesidade de ter vontade política de seu, dereito a decidir sobre si, como dereito fundamental para ter futuro.

Debemos tirar consecuencias do que está a acontecer no mundo e en Europa, darnos conta de que, impulsados por este mesmo espírito, dúcias de novos estados naceron nos últimos vinte anos. Temos que tirar leccións das consecuencias nefastas da ausencia de soberanía para a xestión da crise no marco europeo. A configuración do Estado autonómico negou a existencia de pobos –nacións– diferentes dentro del e privounos da mínima soberanía política. Así nos foi e así nos vai, até o extremo de decidiren pór en marcha un proceso unilateral de uniformización política e económica desprezando o propio marco estatutario.

Pensarmos por nós, deseñarmos os proxectos políticos para o futuro e defendérmolos é a única garantía de que seguiremos existindo como pobo diferente e con dereitos. Só con soberanía e co dereito a termos un estado propio cumpriremos cun deber elemental como pobo: vivir en paz no propio país e en harmonía con outros, colaborando a unha evolución positiva da Humanidade.

Estamos nun momento de grave crise económica, social e político-institucional no Estado español. O pobo galego debe ter unha perspectiva propia desta crise e debe adoptar unha estratexia de superación pensada e decidida desde os nosos intereses colectivos como pobo e, particularmente, da maioría social que constitúen as clases populares. Acreditamos na importancia dunha resposta social á crise do sistema e xulgamos que no corazón da alternativa está a conquista do dereito dos pobos a decidiren sobre os aspectos básicos do seu modelo económico. Soberanía para termos capacidade de decisión sobre o modelo social e os fluxos económicos e democracia para facer prevalecer os intereses da maioría son as dúas pezas básicas para construírmos unha saída alternativa á crise dese modelo. Máis aínda, fronte á voracidade do neocentralismo madrileño é imprescindible que a Galiza participe con voz nacional no actual debate da reconfiguración institucional/territorial do Estado español; Galiza non pode entregarse submisamente ao abafante centralismo e, entre tod@s, temos que erguer un vivificante proceso soberanista.

Ao defendermos a soberanía tamén estamos a nos referir á defensa dos valores ambientais e recursos naturais, da nosa lingua, da cultura autocentrada no país, do territorio e do equilibrio medioambiental como elementos para garantir un futuro viábel ás vindeiras xeracións. Igualmente incluímos nela a potencialidade transformadora da capacidade de soberanía propia das mulleres que desenvolve o feminismo. Porque tamén existe unha perspectiva feminista no económico, no social, no cultural, no deportivo, no lecer e, por tanto, é preciso abordarmos desde esta ollada os problemas derivados da crise, o desemprego, a fenda salarial, o intento de relegaren as mulleres a un papel tradicional, a perda de dereitos conquistados, mais tamén cuestións urbanísticas, de servizos sociais, de espazos e de tempos, da necesidade de incrementar a participación feminina e de considerar a problemática da violencia de xénero como un trazo estrutural que debe constituír unha cuestión política central, un problema de Nación.



2.2. –A nosa proposta para o proceso a prol do DEREITO E CAPACIDADE PARA DECIDIR

O BNG quere asegurar que Galiza estea claramente presente no proceso soberanista que se está a abrir noutras nacións sen estado (como Cataluña, Euskadi, Escocia, Irlanda, Quebec...). Temos que erguer novas estratexias coa finalidade de combatermos o centralismo e garantirmos unha presenza activa da Galiza no debate do recoñecemento das nacións no Estado español e na Unión Europea. Consideramos que ese movemento pola soberanía ten que ser un movemento de ampla base social, plural e cun protagonismo central asentado na sociedade, coa unión daquelas persoas que queren construír unha nación con estado propio, cunha perspectiva de longo alcance que fuxa de intereses electorais ou doutro tipo.

No cadro internacional, os estados revélanse como ferramentas imprescindíbeis na loita polo control democrático dos recursos por parte dos pobos. Após o fracaso das experiencias de reforma do estado na vía do recoñecemento da súa plurinacionalidade, pola frontal oposición das forzas políticas españolas e as estruturas do estado, a necesidade de conseguirmos a soberanía debe articularse a través dun proceso de acumulación de forzas.

Este proceso debe ocupar un papel importante na nosa axenda e temos que o vincular á construción de alternativas en todos os ámbitos (económico, social, cultural, ambiental etc). Nese mesmo sentido, xulgamos importante debater coa base social do nacionalismo o carácter básico e estratéxico do principio de autoorganización, isto é, a necesidade de contar con forzas políticas propias como condición indispensable para podermos levar adiante ese proceso soberanista para o país.

É precisamente sobre a base da práctica da auto-organización que BNG ten que traballar a prol dunha ampla unidade na acción social e política de todas as forzas nacionalistas. Ten que procurar a unidade do nacionalismo galego desde a convicción de que é un elemento esencial para asegurarmos eficacia na defensa dos intereses da nación, capacidade de iniciativa e influencia social e suceso no proceso de avance para a soberanía. No actual contexto, será criterio reitor da actuación do BNG manter relacións cordiais con todos os grupos nacionalistas e propiciar espazos de encontro e colaboración en todo aquilo en que for posíbel e houber coincidencia. Será a partir desa experiencia de colaboración que estaremos en condicións de ampliar os escenarios de unidade buscando as fórmulas máis adecuadas en cada momento, sen descartarmos, *a priori*, ningunha das posíbeis.

Nesa labor a prol da soberanía xoga un papel importantísimo o recoñecemento internacional. Velaí máis unha razón para reforzar as nosas relacións internacionais, algo esmorecidas nos últimos anos e que deben pasar a ocupar un lugar central na nosa estratexia futura. En congruencia coa liña política da organización e cos principios antiimperialistas, na mellor tradición internacionalista, urxe dámoslle prioridade ás relacións con organizacións políticas doutras nacións cun carácter e obxectivos similares aos nosos. En primeiro lugar, co nacionalismo de esquerda doutros pobos sen soberanía, comezando polos que hoxe pertencen aínda ao Estado Español, así como do resto de Europa.

Nese sentido, o BNG toma a iniciativa de cara a articular canto antes unha alianza de organizacións soberanistas e de esquerda das nacións sen estado, baseada na defensa da soberanía plena e á oposición ao modelo económico e social imposto no marco da UE.

Igualmente debemos darlle prioridade a nos relacionarmos coas organizacións políticas de esquerdas dos países cos que partillamos idioma, co fin de cultivar especialmente os espazos naturais da nosa lingua e cultura, apoio inestimábel para a nosa autoestima colectiva.

Así mesmo, o BNG reforzará as súas relacións co conxunto de organizacións de esquerda que, en Europa e no resto do mundo, defenden ou constrúen alternativas á ofensiva capitalista, sempre que recoñezan a nosa condición nacional e o noso principio de autoorganización.

2.3. –Soberanía e defensa da economía produtiva, emprego e xustiza social

Na XIII Asemblea do BNG subliñamos que a loita pola soberanía nacional vai emparellada coa **defensa firme das conquistas sociais, laborais e de xustiza social** das últimas décadas, e coa mudanza social e económica a favor das maiorías sociais. Explicamos daquela os nosos obxectivos neste campo: “banca pública galega, Axencia Tributaria propia, sistema fiscal progresivo, redistributivo da riqueza, ampliación do gasto social para afrontar a crise con outros criterios, sistema público de pensións con xubilación aos 65 anos, intervención activa do sector público na economía, defensa dos servizos públicos contra todo proceso de privatización, igualdade de xénero, modelo territorial propio...”

A soberanía debe permitir defender os valores ambientais necesarios para o mantemento da integridade e identidade da nosa terra. Elementos cruciais na nosa cultura como son as razas autóctonas, o monte comunal ou os valores e recursos mariños, son fulcrais para a nosa pervivencia nacional. Os espazos protexidos, a paisaxe, a biodiversidade, os recursos ambientais, o territorio, o medio mariño, e mesmo as situacións de crise ou



emerxencia ambiental deben ser resoltas en función dos intereses do país e cunha saída sustentábel.

O BNG defende unha economía produtiva, innovadora e sustentábel. Unha economía para a vida en todas as súas dimensións. Considera que a defensa dos intereses do país e das clases populares pasa prioritariamente pola confrontación de todos os sectores sociais co capital monopolista, dominado polas grandes entidades viradas para o negocio financeiro-especulativo e marxinatoras da economía produtiva. Hoxe por hoxe hai unha substancial coincidencia obxectiva de intereses entre a inmensa maioría da sociedade vinculada á economía produtiva ante a evidencia de eses sectores estaren sendo sacrificados polas finanzas e as grandes corporacións e, moi especialmente, polas situadas en Madrid e que están a pilotar unha estratexia de centralización do poder político e económico que varre boa parte do noso tecido produtivo. Xa que logo, debemos enfocar a demanda de soberanía atendendo a interrelación, dada a forzosa dependencia que a nación galega padece, entre o proceso de liberación nacional e a resolución das contradicións sociais de clase, isto é a emancipación social. Temos que colocar, en consecuencia, a soberanía como un instrumento indispensable tamén para a superación das dinámicas de explotación e desigualdade que subxugan ao noso pobo e como requisito imprescindible para podermos viabilizar unha saída da vixente crise sistémica en beneficio da maioría social, que exige unha mudanza radical de modelo.

Por ser o sector inmobiliario un dos principais detonantes da crise, o BNG aposta pola regulación do acceso á vivenda, a medio de fórmulas cooperativistas e o impulso público do aluguer, para garantir o acceso á vivenda aos sectores máis afectados (e nomeadamente á mocidade) pola situación actual.

En todo caso, no contexto desta crise, o nacionalismo debe tamén contribuír a construír país desde a iniciativa social, en todo o que sexa posíbel. Cando o

sistema institucional do estado impón unha limitación da capacidade de acción das institucións públicas autonómicas e locais é necesaria unha resposta belixerante na defensa das súas competencias para responder ás necesidades sociais. Porén, alén da protesta política e tendo en conta "a ruda adversidade urxente" tamén consideramos de grande importancia impulsar a iniciativa desde a base para pór en marcha os proxectos que dean cabo ás necesidades perentorias da economía e da sociedade. O exemplo de Bóveda e a creación de Caixas de Aforros nos anos trinta, no marco da crise-depresión daqueles anos, é un exemplo para o nacionalismo actual. Para crear emprego e defender a poboación inerte é preciso unha nova disposición e unha nova estratexia. O nacionalismo ten que colaborar de maneira activa e incentivar iniciativas financeiras, de economía social, de cooperación, redes de consumo de proximidade, de atención ás persoas excluídas polo sistema para crear riqueza e benestar de xeito directo, promovendo a iniciativa social e aproveitando todas as posibilidades das institucións para o facer, en particular desde os concellos.

2.4.- Erradicación da corrupción económica e política: democracia e soberanía

No contexto presente, a sucesión de graves escándalos de corrupción, converte este problema nunha preocupación importante do noso pobo. Precisamente por iso, debemos estar atentos a combater a concepción, interesadamente inoculada polo sistema e amplamente estendida, de ser a má xestión dos recursos públicos, e particularmente os escándalos de corrupción que aparecen nos medios, a causa da actual crise económica. Esta idea, para alén de tentar ocultar as causas profundas da crise e os seus responsábeis, alimenta falsas saídas populistas que se apoian no descrédito dos partidos, sen distinción de alternativas. No entanto, é necesario prestar a isto a atención que merece, sobre todo para lle darmos o enfoque adecuado.

Cómpre observarmos a corrupción como un problema político e non só ético ou moral, que deturpa a calidade da democracia e que ten o seu caldo de cultivo no modelo socioeconómico e, particularmente, no vasto proceso de privatización dos servizos públicos e de subcontratación de actividades por parte das administracións impulsados polas políticas neoliberais.

Fronte á utilización hipocritamente moralizante de certo tipo de corrupción resulta necesaria unha valoración moito máis profunda e realista deste grave problema. Cómpre comezarmos por aclarar que ademais da estritamente política -compra de vontades e votos a cambio de favores- existe outra igual de nociva para a sociedade, a corrupción económica: evasión fiscal e fraude, negocios fraudulentos, acordos ilícitos entre compañías etc. Existe tamén unha mestura de ambos os tipos, que ten a ver co amplo volume de concesións, contratas e subcontratas realizadas con cargo ao orzamento público, algo que aumenta en virtude da política de privatizacións que sacrifica a calidade e a universalidade dos servizos públicos aos maiores lucros das grandes empresas privadas que viven do diñeiro público. En definitiva, trátase da consideración do público como negocio para obter beneficio económico a través da súa privatización é un principio básico inherente ao modo de produción capitalista.

No caso concreto da Galiza boa parte dos casos de corrupción poñen de manifesto, ademais, como as privatizacións se plasman nunha colonización do noso orzamento público por parte de grandes grupos empresariais foráneos, particularmente madrileños. Por esta vía os nosos impostos van emigrar permitindo a concentración de beneficios e a acumulación de capital en Madrid ou Barcelona.

O transfuguismo é outro dos tipos de corrupción presentes na política galega, unha corrupción de extrema gravidade, pois deliberadamente un cargo institucional traizo a o pobo que o elixiu, mudando de siglas e programa político en beneficio propio, político e/ou económico.

Para contrarrestar todos eses efectos perversos, compre pórmos freo ao proceso de privatizacións e rescatar o maior número de servizos posíbeis para o sector público, impulsando unha política de control, fiscalización e transparencia. Ao mesmo tempo, reivindicamos a necesidade de utilizar a política de compras públicas como unha panca para o desenvolvemento autocentrado do país, con responsabilidade social e transparencia.

O BNG debe combater activamente o discurso que desacredita a "política" en xeral, que está calando na poboación, evidenciando que non, definitivamente, non todos somos iguais na actividade política, e que o BNG é un exemplo de firmeza e transparencia. Desta maneira, o Consello Nacional revisará e presentará á militancia, e tamén publicamente, a Carta Financeira e o Código Ético ao que se han comprometer a cumprir representantes institucionais, orgánicas/os e o conxunto da militancia.

3. Modelos e estilo de traballo na sociedade e nas institucións

3.1. Para traballarmos mellor nos movementos sociais e no asociacionismo

As actuais circunstancias sociais e políticas requiren máis que nunca que o BNG lle dea prioridade ao traballo na base social. Temos que reforzar aínda máis o sindicalismo nacionalista en todos os ámbitos e nesa multitude de movementos sociais, feministas, culturais, de defensa da lingua, ecoloxistas, a prol dos servizos públicos, da sanidade e da educación, das persoas estafadas polas preferentes, polos desafiuzamentos, etc. Eis un tipo de labor que debe continuar máis cómpre repensar as maneiras para facelo mellor. Urxe mellorar e aumentar a nosa relación con organizacións e movementos sociais, participando deles, incentivándoos e dinamizándoos. A nosa presenza nos conflitos sociais debe facerse co seguimento, co apoio, con iniciativa propia, imprimíndolle perfil político, desde a humildade e o espírito de colaboración, tendo en conta que sempre é máis importante escoitar, compartir e convencer que aparecer. Especial atención haberá que prestar aos movementos de contestación de sectores agredidos polas medidas regresivas do goberno tanto no eido sindical como noutros ámbitos (desafiuzamentos, estafad@s da banca-preferentes, plataformas unitarias en defensa dos servizos públicos etc). O concepto de solidariedade colle nesta situación novos significados e require novas actitudes, quer institucionais, quer colectivas e individuais. Nesta liña, cómpre contribuímos á creación de espazos de confluencia amplos que incorporen os distintos sectores do nacionalismo, nunha clave soberanista e de traballo por un sistema económico e social máis xusto. Posúe forte importancia estratéxica a revitalización do asociacionismo cultural de todo tipo no marco do proceso a prol da soberanía. É imprescindible fortalecer as asociacións culturais como entidades abertas, que xeren consciencia nacional a través da concepción da cultura nun sentido amplo.

É fulcral lograr a participación do pobo na loita social e política, promovendo a intervención das persoas e que estas asuman responsabilidades, así como a súa implicación en tarefas e loitas colectivas. Velaí unha das misións da militancia do BNG. Ademais, as organizacións "de base" do nacionalismo deben estreitar as relacións e procurar o que as une: beneficia a todas.

Con especial preocupación vivimos os problemas da mocidade excluída por este modelo económico e lanzada ás fileiras do paro, da marxinalidade ou da emigración. Cómpre tamén reparar na visión que a mocidade ten do BNG, e nas dificultades para que nos perciban como o proxecto nacionalista e transformador que representamos, esas que non nos permiten recuperar a credibilidade e referencialidade. Neste contexto crítico, o traballo xuvenil toma a consideración de estratéxico para o BNG e decisivo para o futuro da nación. Sen prexuízo das análises e decisións que a Galiza Nova autonomamente lle corresponda adoptar, na súa condición de organización xuvenil do BNG, cumpre mellorar e reforzar o traballo, afinar o discurso e acertar nas alternativas que o BNG dirixa á mocidade, adoptando as medidas que se precisaren para a consecución destes obxectivos. Nese sentido, temos que continuar un proceso de reflexión que deberá conducir á ampliación dos espazos de colaboración entre a mocidade nacionalista e tamén das organizacións estudiantís nacionalistas e independentistas.

3.2. Traballo institucional

O BNG acredita na utilidade instrumental do traballo político nas institucións, incluídas aquelas que aspiramos a transformar ou eliminar.

A forma de traballar do BNG nas institucións, debe seguir adaptándose ao novo contexto de crise económica, social e política. Debe dar resposta as aspiracións de cambio que unha parte importante da sociedade galega demanda, demostrar na práctica, o noso carácter de forza alternativa, visibilizar a utilidade que proclamamos.

O BNG, nas e desde as institucións, ten como norte exclusivo a defensa da democracia participativa, dos dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

O BNG formulará alternativas que fomentaren e/ou reforzaren a participación da cidadanía, desde popularizar as consultas cidadás até pór en marcha orzamentos participativos, procurar espazos de toma de decisión colectiva...

Exercemos a acción institucional dende a oposición ou dende o goberno. O noso obxectivo non é cambiar gobernos, senón cambiar gobernos para cambiar políticas. A rebelión e o combate contra a política antigalega e antipopular hoxe dominante, a formulación de alternativas, é a guía para a acción nas institucións. Oposición contundente. Gobernos non só para xestionar ben en beneficio da comunidade, senón tamén para confrontar as políticas dominantes facendo uso de todos os resortes, mesmo coa insumisión cando cumprir.

Acción política homologada entre o que a organización defende e a práctica nas institucións.

As persoas representantes do BNG nas institucións actuarán en contacto coa sociedade, atendendo aos criterios da organización, con absoluta honestidade e transparencia, cumprindo coas obrigas que establece a Carta financeira. O Consello Nacional garantizará o seu obrigado cumprimento. A Carta financeira debe ser revisada e actualizada para que responda en mellor medida á situación económica da organización e cunha maior proporcionalidade nos esforzos e achegas. É necesario que o BNG faga un exercicio de transparencia e sexa público para toda a cidadanía as cantidades que perciben as súas representacións públicas. Todos os cargos institucionais cumprirán coa carta financeira e darase a coñecer á militancia o seu grao de cumprimento.

Desenvolver traballo na base social ten que ser un criterio determinante para a elección das responsabilidades de representación institucional, contribuíndo así a evitar a desconexión entre as institucións e a acción social.

A participación en gobernos de coalición, ou os apoios dende fora aos gobernos, será coidadosamente avaliada, sen apriorismos mecanicistas. Escoltadas as asembleas e a nosa base social, corresponde a dirección política do BNG, establecer os criterios e autorizar ou non as alianzas para a conformación de gobernos de coalición.

3.3 Espertar as consciencias, transmitir as nosas ideas, vencer o pensamento único

Estamos insatisfeit@s coa idea que dan de nós e estamos indignad@s polo peso omnímodo do pensamento único. A información é no mundo contemporáneo a materia prima chave da hexemonía política e é sistematicamente traballada para conseguir a adhesión da cidadanía ás forzas sistémicas que soportan o proxecto neoliberal. Unha das principais armas coas que conta o sistema para asentir ese pensamento único son os medios de comunicación. Non estamos ante un "cuarto poder", menos aínda ante un contrapoder, senón ante unha dimensión máis do poder, que convence e inculca os valores do sistema, que combate as propostas das forzas verdadeiramente alternativas a ese poder do que fan parte. O nacionalismo ten que facer aflorar a manipulación informativa que sufrimos acotío, particularmente nos medios públicos pagados por toda a cidadanía. Precisamos máis compromiso para contribuír á emerxencia e ao reforzamento dos novos medios galegos, que ofrezan informacións axustadas á realidade social, que supoñan visións diferentes e garantan a pluralidade informativa.

Asemade temos que pór en marcha accións para mellorar a calidade comunicativa dos nosos propios discursos. Cómpre, pois, reorientar a estratexia de comunicación, tanto no fondo como na forma e nas canles. Clases populares, movementos sociais, simpatizantes e militantes de base deben ser considerados coa máxima empatía, sendo esta a fonte primaria e básica de toda a estratexia de comunicación. A miúdo asumimos formas de comunicación estandarizadas que desdebuxan o noso perfil e matan a orixinalidade e a frescura requirida para unha mensaxe que non quere ser estándar. Mais sen dúbida, estamos necesitad@s de iniciativa no manexo das novas tecnoloxías de comunicación, tanto no seu uso como nas formas e nos contidos que nelas se colocan, sempre sobre a base do compromiso co uso e coa promoción de estándares, licenzas e códigos abertos. Para comezar cómpre revitalizarmos a páxina en rede do BNG, incorporar a súa versión móbil, facela máis áxil, atractiva e interactiva, tanto para a militancia como para a cidadanía en xeral. Cómpre mellorar a comunicación e crear unha canle de acceso interno, interactiva, que facilite a colaboración entre organización e militancia para a acción política nas redes sociais, e partillar e ter acceso aos datos cos que articular o noso discurso, sen esquecer os xeitos de comunicación diferente dos que aquí se tratan, pois unha parte importante da militancia e do pobo en xeral non ten acceso ás novas tecnoloxías.

Temos que abrir unha nova etapa no uso das redes sociais, aumentando significativamente a nosa presenza para incidir nos debates sociais. Debemos tomar a rede como ámbito de participación, intercambio e activismo. Hai que adaptar os contidos aos medios actuais, cun emprego máis eficaz das redes sociais, asumindo os novos modos de participación política dixital. Todo iso ten que ir acompañado tamén dun maior esforzo de elaboración de ideas e discurso propio, pondo permanentemente ao día o noso discurso e os nosos diagnósticos, e esforzarnos por transmitilos con clarezza e con solvencia. Cómpre utilizarmos de xeito activo e creativo as potencialidades da rede para



multiplicar ese traballo e facelo máis atractivo e visíbel e, sobre todo, potenciar e aproveitar a interactividade que a rede permite. O Consello Nacional e a Executiva elaborarán de inmediato un plan de comunicación que recolla as medidas detalladas de tipo técnico e organizativo para concretar estes obxectivos e as persoas responsábeis da súa execución e seguimento.

Todo o anterior non obvia que o máis importante transmisor das alternativas políticas do BNG é a nosa base militante e simpatizante, que é o mellor xeito de transmisión o contacto persoal nos distintos ámbitos en que cada persoa desenvolve a súa actividade diaria; debemos ser conscientes de que, sendo moi útiles, as novas tecnoloxías non substitúen ese contacto persoal. Partindo disto precisamos fornecer a militancia e simpatizantes dunha maior formación política e ideolóxica que permita afrontar esa ofensiva do pensamento único e contar con diagnósticos, argumentos e propostas que son moi necesarios nun debate político e social hoxe moi condicionado pola inmediatez do emocional e aparenial.

4. Organización e reestruturación do funcionamento do BNG

Entre os problemas para corrixir no inmediato están as eivas de carácter organizativo e de funcionamento. A nosa estrutura interna con grupos organizados e militantes individuais obriga a poñer especial coidado na xestión da cohesión e da diversidade internas. Partindo da realidade constitutiva que vén desde a nosa fundación, o frontismo, temos que proceder a unha revisión profunda das regras e do funcionamento para converter o BNG nunha organización máis sólida, máis viva, máis participativa e máis cooperativa. Nesta nova etapa cómpre superar eivas no funcionamento organizativo e

unha dinámica de confrontación que lastrou, non só a imaxe pública do BNG, senón o noso funcionamento interno. Cómpre reforzarmos o correcto funcionamento do asemblearismo, dándolle á militancia individual o papel central nunha organización que precisa de militantes con formación política que exerzan interna e externamente o labor de activistas das nosas ideas e propostas. Cómpre convertermos as estruturas do BNG no espazo de debate compartido e de elaboración en común de todas as políticas, valorando o rol individual de todos os membros, abeirando disciplinas grupais, reforzando o consenso e garantindo un rol máis equilibrado para as persoas militantes autónomas, reforzando a equidade real de todos os membros. Cómpre crear puntos de encontro entre a militancia en que se poñan en común diversas experiencias de traballo nas plataformas ou organizacións sociais en que participamos, como vía que permita un maior debate e coordinación da nosa actuación e que sirva para mellorar a nosa formación.

Co obxectivo de ampliarmos a organización e de a facermos máis eficaz socialmente propómonos abrila ás persoas simpatizantes, informándoas e procurando a súa participación nos debates e na execución da nosa política. Para iso formalizarase a rede de persoas simpatizantes e colaboradoras, que nos doten dunha maior cobertura e influencia social, como parte fundamental da nosa conexión coa sociedade.

Propómonos revisar o funcionamento do BNG en todos os chanzos para revitalizar todos os seus órganos. En particular, cómpre mellorar sensibelmente a relación e a información entre o Consello Nacional, a Executiva, representantes institucionais, persoas responsábeis de comisións e a nosa base militante organizada, tamén, coa presenza directa en comarcas e localidades, a través de distintas canles e actividades. Nesta liña un dos obxectivos será elaborar por parte das comarcas e localidades unha base de datos que recolla os ámbitos de coñecemento e traballo da militancia co obxectivo de incrementar a súa participación nesas materias, recibir información específica sobre as iniciativas do BNG neses ámbitos e participar na elaboración e definición das políticas e estratexias que se elaboren nos mesmos. Cómpre reactivar os actos públicos e as asembleas abertas máis próximas e dinámicas, máis vivas e participativas, con linguaxe clara e directa, empregando técnicas propias da dinámica de grupos e manexo de xuntanzas para facelas máis participativas e efectivas.

Precisamos ser unha forza política máis áxil nas respostas e con menos comportamentos burocráticos e rutineiros. É especialmente urxente mellorarmos a iniciativa nos distintos órganos de dirección do BNG, o que axudará tamén a melloralala tamén a nivel individual.

Un dos principais obxectivos, pois, do BNG nesta nova etapa é fortalecer aínda máis a democracia interna e mellorar a convivencia. A militancia do BNG debe ser activa e participativa, con capacidade de iniciativa e criterio político propio. Para iso crearanse os espazos de diálogo, de debate e de comunicación acaídos para cada contexto particular.

A nivel nacional, a Asemblea Nacional marca as liñas estratéxicas que a fronte debe seguir, tamén na política institucional, facendo o Consello Nacional seguimento do seu cumprimento. A nivel local deben ser as asembleas locais quen marquen as prioridades, realizando seguimento das mesmas o Consello Local –que dará tamén resposta ás situacións que o requiran pola súa inmediatez–, e o Grupo Municipal dará traslado á institución municipal do acordado, sen prexuízo da súa propia iniciativa. Se ben a nivel nacional é importante a conexión entre o traballo institucional e a militancia, no ámbito local resulta directamente imprescindible, para que as accións institucional sexa compartida e defendida por toda a base social. Por este motivo resulta preciso crear

espazos de diálogo, participación e interlocución coa militancia, mais tamén con simpatizantes e veciñas e veciños.

Enfrontar con posibilidade de éxito ao actual poder económico-político, pasa necesariamente, por contar cunha organización, forte, numerosa, formada politicamente, cohesionada, consciente do ideario da organización, militantemente comprometida, conectada coa sociedade.

A procura do consenso presidirá os debates previos á toma de decisións políticas no BNG, que se adoptan por maioría, e son a posición oficial. A minoría corresponsabilízase coa decisión maioritaria. O dereito á discrepancia pública non ampara posicionamentos que impliquen o bloqueo ou boicot á decisión maioritaria.

4.1 Funcionamento e composición dos órganos de dirección nacional.

O Consello Nacional estará composto por 50 membros escollidos directamente na fase plenaria da AN, 50 elixidos nas comarcas en función da súa afiliación, 1 persoa representante de Galiza Nova e 1 persoa representante de cada un dos colectivos ou partidos recoñecidos no BNG. Co obxectivo de mellorarmos a participación da militancia e mantendo os criterios de proporcionalidade, poderanse presentar candidaturas ao Consello Nacional, Consellos Comarcais e Consellos Locais con, cando menos, o 30% dos postos para cubrir.

Co ánimo de favorecer a cohesión interna e a elaboración dunha candidatura conxunta en que se sinta representada toda a militancia do BNG, desde as comarcas as e os militantes elevarán propostas de persoas para formaren parte do Consello Nacional que han ser da comarca en cuestión. Porén, para a Portavocía Nacional, as propostas poderán ser da propia comarca ou de calquera outra do país.

Para garantirmos a axilidade dos debates e a posibilidade de introducir modificacións de fondo sobre eles, como norma xeral, a Executiva Nacional terá que facilitar aos membros do Consello Nacional, cun mínimo de 96 horas de antelación a documentación relativa aos diferentes puntos da orde do día. Unha vez recibida, abrirase un prazo de 48 horas de propostas de modificación que se reenviarán tamén a todos os membros do Consello Nacional para seren debatidas directamente neste organismo. A presenza de propostas por escrito deberá servir para que as intervencións sexan máis breves e para facer máis áxiles as reunións. A Executiva Nacional responderá aquelas cuestións que lle foren formuladas polos consellos comarcais e remitiralles unha resposta no prazo máximo dun mes, agás naquelas cuestións de extrema urxencia razoada, que será contestada na primeira xunta da Executiva. No caso de o asunto presentado polo consello comarcal ter interese para toda a organización, dará conta del no seguinte Consello Nacional para se trasladar aos consellos comarcais e se difundir entre a militancia. Naqueles asuntos que se xulgaren de máxima relevancia política, os órganos de dirección nacional, antes de adoptaren unha decisión definitiva, solicitarán a convocatoria de asembleas comarcais coa finalidade de debater entre o conxunto da militancia do BNG sobre estes e coñecer a súa opinión.

4.2 Comisións de traballo do Consello Nacional

Axustaremos o número e temática das Comisións de Traballo do Consello Nacional á capacidade organizativa e de traballo do BNG, no camiño de as converter nunha ferramenta que fomente a participación das bases na elaboración e na definición do traballo político da organización. Cada comisión contará, para alén de responsábel e

secretario/a, dunha Permanente reducida que sexa quen de dar resposta rápida e precisa aos distintos asuntos de debate que se presentaren. Tamén debe ter capacidade práctica de fornecer o BNG de argumentos e propostas teóricas en cada un dos ámbitos que se definiren. É preciso impulsar un papel máis activo das comisións de traballo para que sirvan tamén como espazo de traballo e reflexión para a militancia, contribuíndo non só á definición de alternativas institucionais e programáticas, senón tamén a programar actividades e campañas a nivel nacional e fomentar debates no conxunto da militancia. Ademais, en consonancia coas comisións que se definan a nivel nacional, fomentárase o reforzo de estruturas comarcais para favorecer a integración nelas da militancia e o tratamento áxil de problemáticas comúns. As persoas encargadas de dinamizar e de coordinar as comisións non teñen que ser, obrigatoriamente, membros do Consello Nacional, que establecerá as canles oportunas de diálogo para coñecer os seus debates e as súas contribucións. Ademais contarán sempre con representantes de cada un dos Consellos Comarcais, de xeito que poidan manter sempre informada a militancia nos órganos de base do BNG.

Os consellos comarcais e locais impulsarán a participación activa da militancia nos movementos sociais, culturais, de defensa da lingua, ecoloxistas, sanitarios, educativos, etc., existentes en cada zona.

Farase un especial seguimento e revitalización da Comisión Nacional de Política Municipal, que debe funcionar como unha comisión viva e dinámica e estará constituída con representantes orgánicos e institucionais de todas as comarcas. Esta comisión terá como obxectivo prioritario dotar o BNG dunha visión global e uniforme da política que se desenvolve nos concellos e servirá para coordinar e asesorar as liñas de actuación nese ámbito. A coherencia da nosa práctica na actuación municipal é un dos elementos básicos para a cidadanía recuperar a confianza na nosa alternativa política.

4.3 Asembleas comarcais e locais

Os organismos de dirección comarcal marcaranse entre os seus obxectivos a formación interna e o debate político de todos aqueles asuntos que resultaren relevantes. Deben ser organismos resolutivos con contido político, adoptados na súa composición á realidade organizativa existente, nos que se debata a liña política da organización na comarca, que fomenten a participación, repartan traballo e impulsen a actuación de toda a militancia. Os consellos comarcais deben ter entre as súas prioridades o traslado e posta en práctica a nivel comarcal e local dos acordos nacionais. Tamén deben centrarse na extensión do BNG en todos os concellos, así como na análise do traballo que se desenvolve nas localidades, no camiño de que se faga acción institucional e social homoxénea en toda a comarca. Entre as súas funcións prioritarias estará a formación, para a que se concretará a planificación anual de formación que elabore e aprobe o Consello Nacional. Esta actividade será avaliada periodicamente para introducir as correccións que se estimaren oportunas para mellorar o seu desenvolvemento e a súa orientación. Estudárase a posta en marcha de escolas de verán de formación.

As asembleas comarcais deben reunirse, cando menos, con periodicidade trimestral para fomentar a participación e a formación da militancia. Entre as súas prioridades debe estar debater a liña política nacional para lograr consensos e corresponsabilidades sobre os acordos tomados. Tamén deben abordar aqueles asuntos que non teñan un carácter exclusivamente municipal e que puideren ter importancia para a definición do traballo da organización. Neste sentido as Asembleas deberán ser máis dinámicas e prácticos, despoñéndose da excesiva formalidade actual, a cal mesmo é observada como un freo, para se achegar máis a militancia das localidades, promovendo a participación d@s afiliad@s, nomeadamente dos máis recentes ou menos participativos, primeiro nas súas

localidades como elo de conexión coa organización desde a base, coa fin de fomentar logo a interrelación entre a militancia dos diversos concellos de cada comarca a partir de actos e eventos de carácter informativos, formativos e mesmo lúdicos.

Os organismos de dirección local deben centrarse na definición do traballo na localidade e establecer un claro equilibrio nos debates entre a acción institucional e a acción social. As asembleas locais deben manter tamén ese equilibrio entre acción institucional e social e, para iso, introducirán sistematicamente un punto na orde do día de organización do traballo, co obxectivo de comprometer na acción política toda a militancia da localidade.

As localidades desenvolverán periodicamente e como mínimo unha vez ao ano reunións abertas con participación de persoas simpatizantes para contrastar con elas a liña política que se vai desenvolver e as accións políticas concretas que se pretenden pór en practica nese momento, no camiño de ampliar a nosa base social e de lles dar un papel específico no espallamento da nosa política, co coñecemento previo das nosas alternativas. Así mesmo, de ser posíbel, fomentarase a creación de grupos de barrio e procurárase a participación de simpatizantes, para favorecer que a militancia coñeza e recoñeza ás compañeiras do barrio como primeiro espazo de participación política. Asemade, é fundamental que o BNG teña vida nos barrios e parroquias onde teña un mínimo número de militantes, de cara a dar resposta a cuestións concretas, difundir información, coordinar a acción social no contexto máis inmediato, propor iniciativas e actos etc.

O traballo colectivo é unha forma de visualizar o proxecto plural que representa o BNG. Para iso, a organización propiciará que existan diferentes voces públicas na súa representación interna e externa. Cómpre termos presenza pública con arroupamento social e, nesa liña, fomentarase a aparición conxunta en actos públicos, roldas de prensa..., de cargos do BNG con persoas da base simpatizante, especialistas ou interesadas no tema que se vai desenvolver que complementen a actuación do BNG. Promoveranse os responsábeis de cada un dos ámbitos de traballo da executiva nacional e mesmo das comisións nacionais como portavoces públicos da organización, na procura dunha imaxe perante a cidadanía dunha organización plural, democrática, aberta e incluínte, afastada dos personalismos demostrados polos líderes das forzas políticas homologadas no sistema.

Estando vixentes os acordos adoptados na XIII Asemblea Nacional en relación coa funcionalidade dos locais do BNG nas diversas localidades e comarcas, considérase preciso deseñar as liñas básicas dun modelo nacional que se concretará nos ámbitos territoriais en que for posíbel. O obxectivo é facer dos locais centros de encontro e traballo para militantes e simpatizantes, e lugar de referencia para a sociedade. Mesmo se avaliará, onde existiren posibilidades e recursos, a opción de abrir locais sociais con criterios homoxéneos.

É preciso, tamén, popularizar o coñecemento da nosa historia nacional, falseada e ocultada durante séculos, para recuperar o orgullo colectivo. Ligado a este obxectivo político debe estar o traballo cultural de base, o asociacionismo e a creación cultural, elementos indispensábeis para o medre da consciencia nacional. Cumpre, en coherencia, fixar un calendario propio de mobilizacións e actos simbólicos de reivindicación nacionalista e de recuperación da nosa memoria nacional.

4.4 Política de comunicación.

Cómpre realizarmos un esforzo de posta ao día de todos os aspectos da comunicación pública para axustala á transmisión dunha imaxe de forza transformadora, que non se conforma con participar do xogo político convencional e procura mudanzas reais na nosa

sociedade. Entendemos a comunicación como unha compoñente fundamental da loita por cambiar as relacións de poder e, neste camiño, unha práctica eficaz en todos os niveis e rexistros é a nosa principal ferramenta para crear marcos de interpretación e significado que convenzan o pobo galego de as nosas análises e alternativas seren as que lle conveñen á nación.

Cómpre entender a rede como un espazo de ciberactivismo. Comprender a súa linguaxe, modos e tempos. É necesario fornecer os materiais, recursos e medios de transmisión para que a nosa base social actúe como difusora das iniciativas da fronte, dispoña de argumentos para participar no debate social e poida retroalimentar a organización coas opinións e diagnósticos que obteña na súa práctica política concreta. Alén do necesario traballo nas redes sociais, non hai que esquecer formatos de comunicación directa e non mediatizada coa cidadanía sen a intervención dunha prensa manipuladora (panfletos, boletíns, murais, cartellaría propia). O BNG debe fomentar, nas comarcas ou localidades, formatos como a elaboración dun boletín autoeditado ou cun custo reducido no que trasladar propostas, denuncias ou actividade social e institucional de forma directa. Cómpre estudar e modificar os medios e material para utilizar en todas as campañas, coa finalidade de facelas máis útiles, austeras e ecolóxicas, demostrando deste xeito o noso compromiso co medio ambiente e cunha correcta xestión económica. Debemos converter a páxina en rede da organización nun recurso capital para a difusión de posicións políticas, decisións dos órganos, alternativas elaboradas, argumentacións para o debate social e materiais para a actividade política. Neste camiño crearase un espazo en que se difundan con profundidade o noso discurso e as nosas iniciativas publicando material orixinal, agregando recursos publicados por militantes e simpatizantes noutros medios ou incorporando contidos de persoas, colectivos e organizacións políticas con obxectivos similares aos da nosa organización. Mostraranse igualmente as iniciativas concretas a nivel institucional, a modo de banco de ideas, para servir de exemplos de boas prácticas. Por último, crearase un espazo público en que se mostren as campañas que organiza ou en que participa a fronte e que permitan a difusión de material e contidos relacionados coa acción política e social.

RESOLUCIÓNS DA XIV ASAMBLEA NACIONAL

1ª RESOLUCIÓN

A XIV Asemblea Nacional do BNG demanda:

- 1º. O cumprimento da Lei do Sector Naval da Galiza.
- 2º. A construción inmediata do dique flotante de Ferrol.
- 3º. O inicio dos traballos necesarios para levantar o veto á construción civil de Navantia no 2013.

2ª RESOLUCIÓN

A Asemblea Nacional do BNG amosa a súa solidariedade con toda sas persoas afectas polos desafuzamentos e o apoio aos movementos sociais que loitan contra esta inxustiza, e contra unha política que só pode ser cualificada como criminal.

O BNG traballará social e institucionalmente para frear os desafuzamentos e conseguir unha lexislación que defenda o dereito á vivenda fronte aos abusos da banca, e que paremos o sinsentido de termos casas sen xente e xente sen casas.

3ª RESOLUCIÓN

O BNG denuncia as políticas do Partido Popular que non fan máis que agravar as consecuencias da crise, producindo unha dramática situación para a mocidade galega.



Denunciamos a privatización e elitización do ensino público galego que só busca reducir o número de estudantes que acceden ao bacharelato e universidade, e fornecer de man de obra barata ás empresas.

Antes a situación de desemprego na que se atopa a maioría da mocidade galega e a masiva emigración xuvenil que padece Galiza, o BNG denuncia as políticas do PP que incrementan a precariedade laboral e o traballo temporal e sen dereitos para a mocidade, condenando ao exilio ás mozas e mozos do noso país en busca de emprego e dun proxecto de vida que non poden atopar na Galiza.

O BNG comprométese unha vez máis a traballar para conquistar un futuro de soberanía, traballo e igualdade para a mocidade galega.

4ª RESOLUCIÓN

O BNG apoia a xusta reclamación das máis de 100.000 persoas estafadas polas participacións preferentes e subordinadas. Apoiamos, polo tanto, a derogación da Lei 9/2012 para evitar este espolio e conseguir a devolución íntegra dos aforros de todas as persoas afectadas.

5ª RESOLUCIÓN

O BNG, máis unha vez, declara o seu compromiso coa loita feminista e entende que o exercicio do dereito a decidir inclúe conseguir a plena autonomía das mulleres. Nun proceso de involución e de perda de dereitos como no que estamos, manifestamos que o lema “A soberanía será feminista ou non será”, recolle a necesidade de interiorizar os discursos que combaten as discriminacións das mulleres na sociedade, algo que ten que ser asumido tanto polos homes coma polas mulleres da organización.

6ª RESOLUCIÓN

Unha empresa do Canadá está a promover un proxecto para explotar o xacemento de ouro de Corcoesto (Cabana de Bergantiños). Trátase dun megaproxecto mineiro que minimiza os custos de produción a base de tecnoloxías obsoletas e contaminantes, pensado para maximizar os beneficios da multinacional mineira e os seus investidores no mercado especulativo do ouro. En troques, socializa os custos ambientais de ocupar máis de 700 hectáreas con cortas a ceo aberto, balsas e escombreciras, alén dos riscos de usar millóns de litros de cianuro. Un proxecto máis propio da época colonial, ao que o goberno do Partido Popular concedeu “dereito de pernada” sobre o territorio mediante a declaración de “interese estratéxico”.

A XIV Asemblea Nacional do BNG rexeita o proxecto mineiro presentado para a extracción de ouro en Corcoesto (Cabana de Bergantiños) mediante unha explotación a ceo aberto e coa utilización de cianuro.

7ª RESOLUCIÓN

O BNG mantivo sempre unha posición inequivocamente contraria a calquera modo de opresión nacional.

Israel, un estado confesional de orixe multinacional asentado na Palestina, practica unha específica forma de opresión que denomina sionismo, cuxo obxectivo é a apropiación do territorio e a erradicación do seu pobo mediante sucesivas operacións de limpeza étnica.

A resposta global a esta práctica atroz, contraria ao dereito internacional, cristalizou no 2005 co inicio da campaña BDS (Boicot, Desinvestimento e Sancións a Israel), unha iniciativa civil que visa a restauración dos dereitos do pobo palestino e o cumprimento do dereito internacional.

A Asemblea do BNG adhire a esta iniciativa da sociedade civil contra a opresión sionista, en defensa dos dereitos do pobo palestino e a recuperación do seu territorio, e anima a todas e todos os militantes a practicar o boicot non comprando produtos etiquetados como “made in Israel” (código de barras 729).

8ª RESOLUCIÓN

O BNG lamenta a desaparición física do presidente da República Bolivariana de Venezuela, Hugo Chávez Frías, que demostrou en vida un compromiso absoluto para conquistar a soberanía nacional do pobo latinoamericano e a liberación da clase traballadora.

O BNG quere mostrar, máis unha vez, o seu apoio ao proceso revolucionario iniciado por Chávez, poñendo as institucións ao servizo do pobo para socializar a riqueza e loitar contra a explotación.

Se para o capitalismo Chávez vivo era terríbel, agora será invencíbel.
Viva a loita dos pobos pola soberanía!
Viva a revolución bolivariana!

9ª RESOLUCIÓN

A XIV Asemblea Nacional do BNG esixe a retirada de Ence da ría de Pontevedra. Rexeitamos as actitudes demagóxicas e hipócritas do PP que tentan agachar que ese mesmo partido dende a Xunta e do Goberno do Estado buscan posibilitar a permanencia da pasteira máis aló do 2018.

Ben sexa coa presentación de recurso contra as sentenzas do tribunal supremo e do tribunal superior de xustiza de Galiza que declaran nulo o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, ou a través da modificación da Lei de Costas que busca darlle o poder ao Goberno do Estado para permitir a renovación da concesión baixo a escusa do interese xeral, Ence fóra da ría xa!

10ª RESOLUCIÓN

O BNG considera fundamental traballar a prol dunha ampla unidade na acción social ou electoral das forzas nacionalistas. Agardando a necesaria confluencia dentro dunha organización nacionalista e de esquerdas, plural e de afiliación individual, consideramos imprescindible a unidade de acción con outras forzas nacionalistas mediante alianzas de organizacións independentes que traballaren en común cando determinadas circunstancias conxunturais ou estratéxicas así o requiran. Sabendo que tanto unha intensa acción social como unha forte presenza institucional son condicións necesarias para a liberación nacional e social de Galiza.

DELEGACIÓNS NACIONAIS E INTERNACIONAIS CONVIDADAS

NACIONAIS

- A Mesa pola Normalización Lingüística
- ADEGA
- Asociación Socio-Pedagóxica Galega
- Asociación Galega da Língua
- CIG
- Comités
- FRUGA
- Liga Estudiantil Galega
- Sindicato Labrego Galego
- Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Mancomún

INTERNACIONAIS

- Aralar (Euskal Herria)
- Bloco de Esquerda (Portugal)
- Eusko Alkartasuna (Euskal Herria)
- Esquerra Republicana de Catalunya
- Partido Nacionalista Vasco (EAJ-PNV) (Euskal Herria)
- Partit Socialista de Mallorca - Entesa Nacionalista
- Partido Comunista Portugués (Portugal)
- Sortu (Euskal Herria)
- Consulado Xeral de Cuba
- Consulado Xeral da República Bolivariana de Venezuela
- Consulado Xeral da República Oriental do Uruguai



ÓRGANOS DE DIRECCIÓN DO BNG

COMPOSICIÓN DO CONSELLO NACIONAL

EXECUTIVA NACIONAL

- **Xavier Vence Deza**, *portavoz nacional do BNG*
- **Bieito Lobeira Domínguez**, *secretario de organización*
- **M^a Goretti Sanmartín Rei**, *secretaria de implantación e estratexia municipal*
- **Xosé Antonio Rubal López**, *secretario de comunicación*
- **Montserrat Prado Cores**, *secretaria de imaxe e propaganda*
- **Francisco Jorquera Caselas**, *secretario de acción institucional no Parlamento Galego*
- **Rosana Pérez Fernández**, *secretaria de acción institucional do Congreso e de relacións internacionais con organizacións do Estado Español*
- **Xavier Campos López**, *secretario de alternativas programáticas*
- **Saleta Chao Rivas**, *secretaria de políticas sectoriais e coordinación das comisións nacionais*
- **Hadrián Dios Vicente**, *secretario de estudos e formación*
- **Ximena Mariel González Ataide**, *secretaria de acción feminista*
- **Ana M^a Miranda Paz**, *secretaria de política internacional e de acción institucional no Parlamento Europeo*
- **Nestor Rego Candamil**, *secretario de iniciativas políticas e de relacións internacionais con organizacións da lusofonía e do resto do mundo*
- **Maria Do Mar Vila López**, *secretaria de defensa do territorio*
- **Rafael Vilar González**, *secretario de acción social*

Paz Abraira Sobrado

Carme Adán Villamarín

Manuel Agra Villar, *responsábel comarcal de Valdeorras*

Lois Agrelo Hermo

Xoán Antonio Allegue López, *responsábel comarcal do Salnés*

María Pilar Blanco López, *responsábel comarcal do Morrazo*

M^a Xosé Bravo Sanjose

Daniel Candal Castro

Paulo Carballada Rodríguez, *responsábel comarcal da Coruña*

Manuel Caride Correa, *responsábel comarcal de Vigo*

Xosé Manuel Carril Vázquez

Xoán Xosé Castaño Conde

Paula Castro Lago

Rubén Cela Diaz

Abelardo Xosé Del Caño Varela, *responsábel comarcal da Emigración*

Teresa Devesa Graña, *responsábel comarcal de Allariz-A Limia*

Obdulia Diniz Carlos

Xoán Carlos Domínguez Alberte, *responsábel comarcal de Celanova-Baixa Limia*

Serxio Domínguez Louro, *responsábel comarcal da Costa da Morte*

Manuel Domínguez Rei

Ana Belén Ermida Igrexas, *responsábel comarcal da Mariña*

Xoán Antón Estúa García

Xosé Manuel Fernández Abraldes

Ángel Fernández García, *responsábel comarcal de Monterrei*

Marcos Ferradas García, *responsábel comarcal de Ourense-O Carballiño*

Pura Ferreño Saia

Roi García Camba, *en representación de Galiza Nova*

Manuel García López, *responsábel comarcal da Montaña*

Francisco García Suárez

XIV Asemblea Nacional do BNG

Ana González Jove
Federico Gutiérrez Estoa
Xoán Xosé León Martínez, *responsábel comarcal de Muros-Noia*
Raquel López Doce, *responsábel comarcal da Estrada-Deza*
Esther López Rodríguez, *responsábel comarcal de Lugo Centro*
Héctor López De Castro Ruiz
Diego Lourenzo Moura
M^a Victoria Louro Ferreiro
Ignacio Lugilde Santos, *en representación do Movemento Galego ao Socialismo*
Xosé Manuel Marcote Gil
Monica Martínez Porteiro
Germán Martínez Traba
Xosé Manuel Méndez Díaz, *responsábel comarcal do Baixo Miño*
Alberte Mera García
Heitor Mera Herbello
Xulia Mira Suárez
M^a Teresa Moure Pereiro
Adolfo Fco. Muíños Sánchez
Ramón Noceda Caamaño
Alba Nogueira López
Camilo Nogueira Román, *en representación de Abrente*
Mario Outeiro Iglesias
M^a Tareixa Paz Franco
Pedro Pereira Fernández, *responsábel comarcal do Condado*
Pedro Pérez Caride
Luis Pérez Estévez, *responsábel comarcal do Ribeiro*
María Do Mar Pérez Fra
Alexandre Pérez Queiro, *responsábel comarcal de Santiago de Compostela*
Manuel Polo Gundín
Ana Belén Pontón Mondelo
Noa Olalla Presas Bergantiños
Francisco Xosé Rei García
Antonio Iván Rivas Rico
Anxos Riveiro Portela, *responsábel comarcal de Pontevedra*
Inés Roca Requeijo
Daniel Rodas Chapela
Ricardo Rodicio González, *responsábel comarcal de Lugo-Sul*
Vanessa Rodríguez Cabo
Matias Rodríguez Da Torre
Patricia Rodríguez Mariño
Manuela Rodríguez Pumar
Francisco Rodríguez Sánchez
André Severino Romero Davila, *responsábel comarcal da Barbanza*
Francisco Xavier Saco Gómez
Iria Salvande Lorenzo
Andres Sánchez Labandeira
Xoán Manuel Sande Muñiz, *responsábel comarcal de Bergantiños*
Diego Santorio Moscoso
María Ánxela Sobral González
Antonio Somoza Cayado
Raquel Suarez Regades
M^a Almudena Taboada Castro
Iria Taibo Corsanego

XIV Asemblea Nacional do BNG

Mercedes Tobio Rodríguez, *responsábel comarcal de Ferrolterra*
Bernardo Valdês Paços
Lucía Vázquez Muñiz
Guillermo Vázquez Vázquez
Xosé Emilio Vicente Caneda
Roberto Vilameá Ponte, *en representación da Unión do Povo Galego*
Eva M^a Villaverde Pego

ESTATUTOS DO BNG

PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS, ESTATUTOS DO BNG E O SEU DESENVOLVEMENTO REGULAMENTARIO

O. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

0.1. DEMOCRACIA

O funcionamento democrático é o único compatíbel cos obxectivos do BNG. Garántese a todos os niveis: información, debate, toma de decisións e xestión.

0.2. CARÁCTER ASEMBLEARIO

O BNG, como organización plural, aberta e participativa, basea a súa dinámica de funcionamento e decisión política en formulacións asemblearias. As persoas representantes están suxeitas a mandato imperativo, por tanto, poden ser revogadas polas electoras.

0.3. PLURALISMO POLÍTICO

O BNG recoñece a existencia de distintas opcións políticas, ideolóxicas e organizativas no seo do nacionalismo galego, así como distintas formulacións estratéxicas cara ao exercicio pleno da nosa soberanía nacional. O BNG, xa que logo, como expresión unitaria do nacionalismo, recoñece a existencia de diversas tendencias políticas no seu seo, aínda que a adscrición e militancia no BNG é individual.

0.4. MAIORÍAS E MINORÍAS

A posición oficial do BNG determínase por maiorías. Garántese o dereito das posicións minoritarias á súa defensa pública, discrepando lexitimamente da opción maioritaria.

0.5. LIBERDADE DE EXPRESIÓN

O necesario debate que debe fundamentar a participación e toma de decisións en toda organización política fai necesario o recoñecemento explícito da liberdade de expresión, non só para as distintas opcións organizadas no BNG, senón tamén a título individual para todos os seus membros.

0.6. DEREITO A DISCREPANCIA PÚBLICA

O dereito á defensa pública das posicións minoritarias e o de defensa da liberdade de expresión concrétese no dereito á discrepancia pública, sempre que na práctica non supoña unha contradición operativa que leve ao bloqueo ou ao boicot da decisión maioritaria.

1. DA AFILIACIÓN

A afiliación ao BNG será individual. Após presentar solicitude, poderase afiliarse ao BNG calquera nacionalista que acepte os principios e a disciplina do BNG.

1.1. DOS DEREITOS E DEBERES DA AFILIACIÓN

1.1.1.- Todos os afiliados e todas as afiliadas do BNG teñen os mesmos dereitos e deberes perante a organización.

XIV Asemblea Nacional do BNG

1.1.2.- Son dereitos dos afiliados e das afiliadas do BNG:

- a) Expresaren libremente as súas opinións políticas nos debates internos.
- b) Participaren na toma de decisións e na actividade política do BNG.
- c) Discreparen publicamente das posicións maioritarias, sempre que na práctica non supoña unha contradición operativa que leve ao bloqueo ou boicót da decisión maioritaria.
- d) Participaren nas eleccións de cargos que tiveren lugar no seo da organización e optaren en igualdade de condicións ao desempeño destes.
- e) Recibiren información sobre a orientación e a actividade xeral do BNG.
- f) Elevaren propostas aos órganos do BNG para a súa toma en consideración.
- g) Seren previamente ouvidos/as no caso de se proporen sancións disciplinarias contra eles/elas e recorreren as sancións perante os órganos superiores e, esgotadas estas vías, perante a Comisión de Garantías.
- h) Recibiren apoio solidario da organización ante os problemas derivados da súa militancia política.

1.1.3.- Son deberes dos afiliados e das afiliadas do BNG:

- a) Actuaren de conformidade co establecido nos principios políticos e ordenamento estatutario do BNG.
- b) Contribuíren na medida das súas posibilidades á definición e aplicación da liña política do BNG.
- c) Irradiaren no seu ámbito social as posicións do nacionalismo galego.
- d) Teren unha práctica lingüística coherente coa defensa da normalización do uso social do galego.
- e) Defenderen a autoorganización do pobo galego a todos os niveis.
- f) Acataren e respectaren as decisións maioritarias aínda no caso de discreparen con elas.
- g) Aboaren a cota estipulada e asumiren solidariamente os compromisos económicos que se derivaren do desenvolvemento da actividade política do BNG.
- h) Respectaren nas manifestacións internas e externas aos compañeiros e compañeiras, así como aos órganos colexiados do BNG.

1.2. DAS ALTAS E BAIXAS E A SÚA TRAMITACIÓN

1.2.1.- A admisión formal das solicitudes de alta farase polo Consello Comarcal correspondente, constando en acta.

1.2.2.- A proposta de afiliación dun novo membro debe ser avalada, cando menos, por dous membros do BNG. En caso de a persoa interesada non coñecer ningún membro do BNG que a puiden avalar o Consello Comarcal concertará unha entrevista con ela para obter a información necesaria, exporlle o ideario político e as normas de funcionamento da Fronte e facerlle entrega do programa e dos estatutos do BNG. O Consello Comarcal poderá proceder así en cada caso que

considerar preciso. Os novos afiliados e afiliadas terán coñecemento dos principios políticos fundacionais do BNG e encadraranse necesariamente na asemblea local onde tiveren unha relación directa de veciñanza ou laboral.

1.2.3.- En calquera caso as peticións de alta no BNG serán tratadas e resoltas na primeira reunión ordinaria do Consello Comarcal. Estas deben formalizarse por escrito, debendo constar a petición expresa de alta no BNG acompañada da ficha completa cos datos da persoa solicitante. Todas as altas, antes da tramitación polo Consello Comarcal correspondente, contarán cun informe do Consello Local da localidade en que se encadre o novo afiliado ou afiliada.

1.2.4.- Ao Consello Nacional asístelle o dereito de revogar os acordos adoptados no caso de se non axustaren aos estatutos ou aos principios organizativos do BNG.

1.2.5.- No caso de peticións de alta colectivas que afectaren a máis dunha comarca, o órgano competente para decidir politicamente sobre a conveniencia desta integración é o Consello Nacional, sen prexuízo de as comarcas respectivas realizaren un informe que recolla unha posición nun determinado sentido deste organismo. De conformidade co establecido no ordenamento estatutario do BNG, os consellos comarcais serán competentes para resolver individualmente cada caso.

1.2.6.- Causarán baixa no BNG, para alén de polas razóns disciplinarias que inclúen estes Estatutos, todas as persoas afiliadas ao BNG que, sen causa xustificada, non satisfagan a cota estipulada. Cando unha persoa afiliada ao BNG estiver 6 meses sen aboar a cotización recibirá por escrito unha comunicación certificada dándolle un prazo dun mes para se pór ao día, cumprido o cal sen o facer, causará baixa. Se unha persoa afiliada, por razóns económicas, non puiden satisfacer a cota estipulada, debe comunicar esta situación ao Consello Comarcal, quen, á vista dos datos, pode eximila temporalmente do deber de cotizar ou reducirle a cota. Unha persoa dada de baixa por impago de cotas, para darse de alta de novo deberá pagar previamente as cotas adebedadas.

1.2.7.- Toda persoa afiliada ao BNG debe estar adscrita a unha única asemblea local e comarcal en que exercerá o seu dereito a voto, sen prexuízo de poderen asistir eventualmente e sen dereito a voto ás reunións doutra asemblea comarcal ou local aqueles/as afiliados/as con mobilidade de residencia ao longo do ano por razóns diversas.

1.2.8.- O BNG é unha organización unitaria, xa que logo, se un consello comarcal denegar unha petición de alta ou decidir dar de baixa a unha persoa afiliada, esta non pode ingresar deseguido noutra asemblea comarcal. En caso de conflito competencial entre comarcas, será o Consello Nacional quen decidir, e cabe tamén recurso perante a Comisión de Garantías e, en última instancia, perante a Asemblea Nacional.

1.2.9.- En cada asemblea comarcal debe haber un libro de altas e baixas. Cada comarca debe remitir aos órganos nacionais un parte de altas, baixas e traslados, acompañado da copia da acta do consello comarcal en que conste a aceptación destas e de copia da ficha das persoas en cuestión. No caso dos traslados debe facerse indicación da comarca a que se traslada a persoa militante e dos novos datos de localización. No caso das baixas deberá achegarse ademais o carné da persoa interesada.

1.2.10.- O carné é o documento que acredita a condición de militante do BNG, correspóndelle á organización nacional a súa emisión e a asignación de números. Non serán entregados carnés do BNG ás solicitudes que non se axustaren ás normas anteriores, nin en consecuencia, as altas serán reflectidas nas relacións nacionais.

O BNG fomentará a difusión dunha tarxeta de identificación galega, que terá plena validez nos actos internos do BNG, e tamén impulsará o seu uso en todos os ámbitos cotiáns.

1.2.11.- Galiza Nova conta con plena autonomía organizativa no seo do BNG e a condición de militante de Galiza Nova acredita un/unha compañeiro/a como militante do BNG. En consecuencia, Galiza Nova contará coas súas propias listaxes e emitirá os seus propios carnés.

1.2.12.- Galiza Nova entregará copia das fichas dos/das seus/súas militantes aos Consellos Comarcais do BNG respectivos e comunicará por escrito, no momento de se produciren, os movementos de altas, baixas e traslados da súa afiliación, movementos de que, á súa vez, os consellos comarcais deberán dar conta aos organismos nacionais do BNG. Os consellos comarcais do BNG están capacitados para non admitir unha alta de GN no caso de haber evidencias de que a persoa interesada ten posicións contraditorias coas definidas no Programa e Estatutos do BNG.

1.2.13.- As persoas militantes de Galiza Nova están exentas de pagar cotas ao BNG agás as contribucións especiais que se estableceren para os cargos institucionais do BNG.

2. DOS PARTIDOS E COLECTIVOS

As organizacións integradas no BNG son canles a través dos que colectivos representativos das distintas culturas políticas ou tradicións ideolóxicas que converxen no nacionalismo galego achegan as súas reflexións, ideas e propostas ao proxecto común. A existencia de distintos colectivos organizados está subordinada ao funcionamento do BNG como unha organización unitaria con vocación de permanencia.

2.1.- As persoas militantes do BNG teñen dereito a constituíren colectivos ou partidos de acordo coas súas afinidades ideolóxicas, sen prexuízo da igualdade de dereitos e deberes que posúen todas as persoas militantes da Fronte polo simple feito de o seren.

2.2.- A constitución dun partido ou colectivo formalizarase coa presentación perante o Consello Nacional dun escrito do que resulte nome e domicilio deste e os seus obxectivos e finalidades. Acompañarase a documentación da constitución e a composición dos seus órganos de dirección.

2.3.- No caso de partidos ou colectivos xa existentes que desexaren formalizar a súa entrada no BNG, deberán presentar a mesma documentación.

2.4.- En ambos os dous casos o Consello Nacional adoptará unha decisión tras valorar a documentación presentada canto a súa adecuación aos principios, práctica e obxectivos do BNG e ás circunstancias políticas do momento. A resolución e a motivación que a apoia será comunicada por escrito á persoa solicitante.

2.5.- As persoas que militaren en partidos ou colectivos integrados no BNG deberán estar afiliadas ao BNG.

2.6.- Os partidos e colectivos -dentro da súa total autonomía para decidiren as súas normas de funcionamento- informarán anualmente ao Consello Nacional da composición dos seus organismos nacionais de dirección, da celebración dos seus órganos máximos de decisión, así como de cando deixen de ter funcionamento orgánico etc. O Consello Nacional tamén velará para que ningunha das partes ou membros da fronte teña comportamentos gravemente desleais ou contrarios á unidade do BNG.

2.7.- O desempeño das funcións de portavoz nacional, candidato/a á Xunta, portavoz no parlamento galego, español e europeo levará consigo a imposibilidade de desempeñar o cargo de portavoz interno ou externo, público, da corrente á que se pertencer, debendo representar exclusivamente ao BNG.

3. DA ASEMBLEA NACIONAL

A Asemblea Nacional é o órgano supremo do BNG e o titular da soberanía da organización. Será competente para a discusión e crítica política e para todas aquelas cuestións que atinxiren á expresión da vontade política da organización.

Son funcións específicas da Asemblea Nacional a aprobación dos principios políticos e organizativos e dos Estatutos do BNG e calquera modificación que se introducir nestes, así como marcar as liñas estratéxicas que o BNG debe seguir. Así mesmo á Asemblea Nacional correspóndelle elixir 50 membros do Consello Nacional entrante, as persoas integrantes da Executiva Nacional e o/a Portavoz Nacional.

A. DA CONVOCATORIA DA ASEMBLEA E DOS MEMBROS DE PLENO DEREITO

3.1.- O Consello Nacional é o órgano competente para convocar Asemblea Nacional. Para a celebración de asembleas nacionais ordinarias establécese un período mínimo de dous anos e un período máximo de tres.

3.2.- Após solicitude da maioría dos consellos comarcais, o Consello Nacional estará obrigado a convocar Asemblea Nacional Extraordinaria. As asembleas extraordinarias convocaranse cunha antelación mínima de un mes. As xuntas ordinarias coa antelación mínima de tres meses.

3.3.- Toda a afiliación do BNG ten dereito á participación directa nas asembleas nacionais, de acordo coas normas establecidas en canto a cotas, prazos de alta e inscrición previa para a participación no proceso asembleario. Esta decisión só poderá ser modificada se é aprobada por unha maioría cualificada de 2/3 dos membros do BNG.

3.4.- Para ter dereito a participar na Asemblea Nacional e en todos os procesos internos de elección hai que contar, cando menos, cunha antigüidade de tres meses e as cotas ao día na data da convocatoria do proceso correspondente.

3.5.- A obriga de estar ao día no pago de cotas afecta tamén á participación como membro de pleno dereito no proceso territorial da Asemblea Nacional.

3.6.- As convocatorias de asembleas nacionais deben adecuarse estritamente aos procedementos previstos nos Estatutos vixentes. Calquera modificación proposta nos documentos a debate, entrará en vigor unha vez aprobada pola Asemblea Nacional.

B. DA MECÁNICA DE ELABORACIÓN, DISCUSIÓN E APROBACIÓN DOS DOCUMENTOS E DO RÉXIME DE SESIÓNS

3.7.- O Consello Nacional saínte será o encargado de aprobar os textos base que se someterán a discusión na Asemblea Nacional. O Consello Nacional fixará os temas para debater e convocará a constitución das comisións encargadas de redactaren as propostas de documentos, que serán abertas a todos os membros do Consello Nacional que desexaren participar nos traballos destas.

3.8.- As propostas de documento deberán ter unha estrutura sintética e didáctica que facilite o debate e a concreción de propostas de emenda. Así, cada un dos documentos estará estruturado do seguinte xeito:

a) Preámbulo.

Introdución en que se fai un relatorio de feitos ou unha diagnose da situación que fundamenta ou serve de apoio argumental ás distintas teses políticas ou organizativas e propostas de resolución que logo se formulan.

b) Teses políticas ou organizativas.

Enunciación de principios ou análises que o BNG asume como propios e fundamentan propostas concretas de actuación [c)]. Neste apartado poden incluírse, de xeito sintético e didáctico, análises xa apuntadas no preámbulo e outras conclusións que se derivaren deste.

c) Propostas de resolución.

Proposta de medidas prácticas e/ou operativas para executar polo BNG (propostas concretas de actuación).

3.9.- As persoas afiliadas do BNG, nos termos e prazos que establecer o regulamento da Asemblea, poden facer contribucións para a súa toma en consideración polas comisións redactoras dos distintos documentos. Estes contributos deberán incluír propostas de tese e/ou de resolución, con independencia de iren acompañados de informe ou texto argumental que xustifique a inclusión das propostas que se formularen.

3.10.- As comisións presentarán ao Consello Nacional os textos aprobados pola maioría dos seus membros. Se existiren discrepancias, constarán igualmente os votos particulares dos membros do C.N. que forman parte da Comisión.

3.11. O Consello Nacional aprobará os textos definitivos das propostas de documentos e poderán presentar os membros do C.N. que disintan na súa totalidade ou en parte dos documentos aprobados, votos particulares. Consideraranse votos particulares aquelas propostas alternativas presentadas por membros do Consello Nacional que disintan do documento aprobado polo órgano, xa sexa no seu conxunto ou nalgún dos seus apartados. Por tanto, os votos particulares atinxirán á totalidade do documento ou dalgún dos seus apartados, e implicarán, agás que se propoña a supresión, a presentación dun texto alternativo.

Os documentos serán enviados ás asembleas comarcais para a súa discusión cando menos con 45 días de antelación á celebración da Asemblea Nacional. Estas propostas de documento irán acompañadas dos votos particulares, sempre que as persoas interesadas, membros do C.N., manifesten a vontade de os manteren.

3.12.- As asembleas comarcais debaterán as propostas de documentos e os votos particulares e poderán formular emendas parciais ou á totalidade.

No que atinxe á mecánica de debate nas asembleas esta deberá seguir as seguintes pautas:

- Cada proposta de documento será obxecto dun debate global. Con tal fin abriranse quendas de palabras con anterioridade ao debate de propostas de emenda concretas.

-Deseguido procederáse ao debate de propostas de emenda concretas coa apertura de quendas de palabra a favor e en contra.

- As propostas de emenda afectarán ás propostas de tese e/ou de resolución contidas no documento, podendo ser de supresión, de engádegas ou de substitución. Nestes dous últimos casos suporán a presentación de texto alternativo global por parte da persoa emendante.

- Aquelas cuestións que afectaren ao preámbulo do documento serán trasladadas directamente como suxestións sen necesidade de debate e votación.

3.13.- Para que unha emenda pase a debate á A.N. precisará acadar a maioría simple dos votos das persoas presentes nunha asemblea comarcal, isto é, máis votos a favor que votos en contra. Para que un voto particular de membros do Consello Nacional pase a debate á Asemblea Nacional deberá acadar, cando menos, a maioría simple dos votos nunha asemblea comarcal, isto é, máis votos a favor que votos en contra. As emendas que prosperaren nas distintas asembleas comarcais distribuiranse ao conxunto da organización con tempo suficiente para poderen ser estudadas.

3.14.- Os traballos nas asembleas nacionais ordinarias estruturaranse por plenos e comisións, e seguiranse á hora de distribuír as persoas asembleístas nestas, criterios aleatorios. O Consello Nacional presentará en cada asemblea nacional ordinaria un informe político e de xestión que será debatido -xunto cos documentos asembleares- nun primeiro pleno de debate global. O Consello Nacional saínte ou unha delegación deste presidirá as sesións plenarias, nomeará as persoas relatoras encargadas da defensa dos documentos e propondrá, para a súa ratificación pola asemblea, as persoas encargadas de moderaren os debates, e dous/dúas secretarios/as encargados/as de redactaren a acta das sesións plenarias. As comisións contarán, para alén do moderador e dos/das relatores/as, con dous secretarios elixidos pola comisión entre os seus membros.

3.15.- Pasarán a debate aos plenos todas as emendas que acadaren maioría simple nunha comisión, sen menoscabo de que o Regulamento da A.N. establece cotas máis baixas.

3.16.- Aprobaranse en pleno todas as emendas que acadaren maioría simple de votos. Unha vez discutidas as emendas, someteranse a votación os relatorios coas emendas introducidas que precisarán a mesma marxe para a súa ratificación.

3.17.- As listas que se presentaren para optar aos 50 postos do Consello Nacional de elección directa na Asemblea Nacional deberán estar presentadas antes do comezo da última sesión plenaria e deberán ir asinadas por todas as persoas integrantes da candidatura, certificando a súa aceptación a estaren incluídas na candidatura.

3.18.- Tanto nas asembleas nacionais ordinarias como nas extraordinarias, o Consello Nacional elaborará, de conformidade cos Estatutos do BNG, a proposta de Regulamento, que será sometida a debate na Asemblea como primeiro punto da Orde do Día para a súa ratificación ou rectificación. A proposta de Regulamento debe incluír a Orde do Día da Asemblea.

3.19.- Nas asembleas nacionais extraordinarias, cando foren convocadas para tomar unha decisión que afecte un asunto concreto e de urxente resolución, poderase prescindir do proceso territorial e do debate en comisións. Neste caso a Asemblea non pode incluír na súa Orde do Día a renovación dos órganos de dirección.

C. DO PROCESO DE ELECCIÓN DE CARGOS E ÓRGANOS POLA ASEMBLEA NACIONAL

3.20.- A Asemblea Nacional escollerá 50 membros do Consello Nacional entrante, as persoas integrantes da Executiva Nacional e o/a Portavoz Nacional.

3.21.- A elección poderá efectuarse por medio dunha candidatura de conxunta ou por listaxes pechadas:

3.21.1.- No caso da candidatura conxunta, o Consello Nacional saínte poderá facer unha proposta de candidatura para os 50 membros para elixir directamente pola Asemblea Nacional. Para estes efectos, as asembleas comarcais incluírán un punto na orde do día relativo a propostas de persoas dentro do ámbito de cada comarca para ter en conta para a elaboración desta candidatura. As propostas serán remitidas ao Consello Nacional para que unha comisión deste organismo elabore a proposta de candidatura.

Alén do establecido no no parágrafo anterior, manterase a designación directa de integrantes do Consello Nacional por cada asemblea comarcal conforme estes Estatutos. A candidatura conxunta será sometida a votación da Asemblea Nacional, que resultará aprobada de obter máis votos a favor que en contra.

3.21.2.- Cando a elección for por listas, realizarase por medio da a través da pechadas e bloqueadas que contén, como mínimo, co 30% dos postos para cubrir, e procederase a un reparto directamente proporcional aos votos acadados por cada lista.

3.22.- A Executiva Nacional estará formada por 15 persoas, repartidas proporcionalmente ao apoio obtido polas candidaturas presentadas para o Consello Nacional e seguindo a orde de cada candidatura. No caso de que se presentase unha candidatura conxunta ao Consello Nacional, a proposta de Executiva ficaría conformada polas 15 primeiras persoas da candidatura.

3.23.- Resultará electo Portavoz Nacional a persoa que encabezar a listaxe máis votada para o Consello Nacional.

3.25.- A Portavocía Nacional do BNG e a candidatura á presidencia da Xunta de Galiza deben ser ocupadas por persoas distintas.

A elección do candidato ou candidata do BNG á Presidencia do Goberno Galego farase coa participación de toda a militancia co voto en urna nas distintas comarcas, dentro do proceso de elección das candidaturas do BNG ao Parlamento de Galiza. Garantírase que ese proceso vaia acompañado por presentación das propostas por parte dos/as candidatos/as á militancia tanto coa presenza nas distintas asembleas como cos medios organizativos precisos.

4. DAS CONVENCÍONS

4.1.- As convencións nacionais son órganos de carácter deliberante e consultivo. O Consello Nacional é o órgano facultado para as convocar e establecer a Orde do Día, e poderá convocar convencións de cadros do BNG (membros dos Consellos Nacional, comarcais e/ou locais) ou convencións abertas ao conxunto da afiliación.

5. DO CONSELLO NACIONAL

O Consello Nacional é o órgano máximo de dirección, representación, debate e decisión do BNG entre asembleas nacionais. Será competente no seguimento do cumprimento, desenvolvemento e na concreción da liña política definida pola Asemblea Nacional e en todos aqueles asuntos que non foren competencia da Asemblea Nacional. As súas decisións serán vinculantes para o conxunto da organización.

A. DAS SÚAS COMPETENCIAS E FORMA DE ELECCIÓN

5.1.- O Consello Nacional reunirase con carácter ordinario cada dous meses. Todas as reunións do Consello Nacional terán como punto obrigado da orde do día a presentación e debate dun informe da Executiva relativo á súa actuación e á súa análise da situación política. Á súa vez, as decisións adoptadas polo Consello Nacional serán comunicadas ao conxunto da organización a través dos portavoces-responsábeis comarcais e, se for o caso, serán publicadas na páxina web, nas publicacións do BNG e dadas a coñecer aos medios de comunicación inmediatamente despois de cada reunión.

5.2.- O Consello Nacional conformarase de acordo cos seguintes criterios:

- A Asemblea Nacional elixirá directamente 50 membros
- As asembleas comarcais elixirán 50 membros en proporción á afiliación, incluído o/a responsábel comarcal
- Galiza Nova e os partidos e colectivos integrados no BNG designarán unha persoa representante cada un.

5.3.- Os membros electos polas asembleas comarcais escolleranse conforme a estes criterios:

a) Os membros electos polas asembleas comarcais para se incorporaren ao Consello Nacional serán aqueles que ocuparen os primeiros postos na listaxe electa pola asemblea comarcal para conformar o consello comarcal. No caso de se teren presentado varias listaxes procederáse a un reparto directamente proporcional aos votos que acadase cada listaxe.

b) En caso de dimisións ou de que algunha destas persoas xa fose elixida para formar parte do Consello Nacional pola Asemblea Nacional procederíase ao corremento da listaxe por que esta persoa foi electa na Asemblea Nacional.

c) Será electa responsábel-portavoz comarcal a persoa cabeza da listaxe máis votada na elección do Consello Comarcal.

d) Os movementos de afiliación que se produciren após a Asemblea Nacional só computarán para determinar o número de persoas que se escollerá en cada comarca cando se inicie o proceso dunha nova Asemblea Nacional.

5.4.- As persoas responsábeis portavoces comarcais son as garantes da representación territorial no Consello Nacional e as máximas representantes do BNG en cada comarca. En caso de ausencia do/a responsábel portavoz comarcal será suplido/a nas súas funcións polo/a vicerresponsábel comarcal. A función de vicerresponsábel comarcal recaerá no número 2 da listaxe máis votada na Asemblea Comarcal. O/a vicerresponsábel comarcal substituirá o/a portavoz responsábel comarcal nas reunións do Consello Nacional a que este/a non puiden asistir.

5.5.- A elección das persoas representantes dos partidos e colectivos, de Galiza Nova e dos/das responsábeis e vicerresponsábeis-portavoces comarcais deberá ser notificada a este organismo por escrito, así como a súa revogación ou substitución. Unha vez que o Consello Nacional tome coñecemento do nomeamento, procederá a dar entrada aos novos membros na seguinte reunión.

5.6.- En caso de causar baixa no Consello Nacional algún dos membros elixidos directamente na Asemblea Nacional procederáse á súa substitución correndo a listaxe por que foi electo.

5.7.- En caso de un membro do Consello Nacional elixido directamente pola Asemblea Nacional ser elixido representante neste organismo por un partido ou colectivo ou por unha asemblea comarcal, procederáse ao corremento da listaxe por que foi electo na Asemblea Nacional.

5.8.- Unha mesma persoa non pode acumular a condición de representante dun partido ou colectivo e de responsábel ou vicerresponsábel portavoz comarcal.

B. DO RÉXIME DE SESIÓNS E DAS FUNCÍONS DO CONSELLO NACIONAL

5.9.- As sesións ordinarias serán convocadas polo portavoz nacional. A Executiva Nacional establecerá a orde do día das reunións do Consello Nacional, garantíndose regulamentariamente a posibilidade de inclusión de asuntos por parte das persoas que pertenceren ao órgano.

5.10.- Poderase convocar, con proposta de orde do día, consello extraordinario polos lexitimados no artigo anterior, 1/3 dos membros do Consello Nacional ou 1/3 dos consellos comarcais.

5.11.- As convocatorias faranse cunha semana de antelación como mínimo. A Executiva Nacional terá que facilitar aos membros do Consello Nacional, cun mínimo de 96 horas, a documentación relativa aos diferentes puntos da orde do día. Unha vez recibida, abrirase un prazo de 48 horas de propostas de modificación, que serán reenviadas a todos os membros do Consello Nacional para seren debatidas directamente neste organismo.

5.12.- As sesións do Consello Nacional estarán presididas polo portavoz nacional encabezando unha Mesa en que se integrará a Executiva Nacional ou unha delegación desta. A ordenación e moderación dos debates corresponde ao portavoz nacional.

5.13.- Son funcións específicas do Consello Nacional:

5.13.1.- Convocar Asemblea Nacional Ordinaria e Extraordinaria.

5.13.2.- Elixir a Comisión de Garantías.

5.13.3.- Definir a política de alianzas a todos os niveis.

5.13.4.- Analizar e discutir a marcha política do BNG, e, no seu caso, corrixila ou ratificala a todos os niveis.

5.13.5.- Elixir as persoas responsábeis das distintas áreas en que estruture o seu traballo o Consello Nacional.

5.13.6.- Facer seguimento das tarefas das distintas secretarías da Executiva Nacional, das comisións dependentes do Consello Nacional e das comarcas. Aprobar os seus planos de traballo e os seus orzamentos, se os houber.

5.13.7.- Aprobar o orzamento e rendición de contas cada exercicio.

5.13.8.- Aprobar os orzamentos das campañas electorais e das campañas específicas a nivel nacional.

5.13.9.- Aprobar as listaxes electorais e a designación de deputados/as provinciais.

5.13.10.- Aprobar a inclusión dun novo partido ou colectivo dentro do BNG.

5.13.11.- Aprobar a creación de calquera órgano periódico de expresión pública do BNG a nivel nacional.

5.13.12.- Nomear a(s) persoa(s) ou o órgano que ostentará a representación xurídica do BNG.

5.13.13.- Reestruturar a Executiva e remover as súas funcións.

5.13.14.- Debater anualmente un informe sobre a situación organizativa e financeira do BNG.

5.13.15.- Adoptar os acordos relativos á Fundación Galiza Sempre previstos nos seus Estatutos.

5.13.16.- Aprobar a creación dunha nova comarca ou calquera outra modificación do mapa comarcal actualmente existente, a proposta dos consellos comarcais ou dos consellos e asembleas locais das zonas afectadas.

5.13.17.- A creación ou reforma das comisións sectoriais ou temáticas.

5.13.18.- Todas aquelas competencias e funcións non atribuídas especificamente a outro órgano.

6. DA EXECUTIVA NACIONAL

A Executiva Nacional é o órgano de dirección ordinaria do BNG. A Executiva Nacional é o órgano encargado de responder e de decidir cuestións da acción política cotiá do BNG, sen prexuízo da súa responsabilidade perante o Consello Nacional. Son funcións específicas da Executiva executar os acordos adoptados polo Consello Nacional e outras que este órgano lle asignar por delegación.

Serán tamén funcións específicas da Executiva Nacional as seguintes:

a. Cumprir e facer cumprir as disposicións estatutarias e velar polo cumprimento das resolucións políticas das distintas asembleas nacionais e dos consellos nacionais, garantindo a adecuación política dos distintos órganos ao proxecto estratéxico do BNG.

b. Velar polo adecuado funcionamento da organización de acordo cos principios que a informan. No exercicio desas funcións, poderá propor ao Consello Nacional as medidas que estatutariamente poidan exercitarse, para o bo funcionamento dos distintos órganos que conforman o BNG.

c. A Executiva Nacional poderá convocar reunións consultivas, cando se xulgar xustificado, cunha representación dos partidos e colectivos do BNG, para coñecer a súa opinión sobre temas da súa competencia, ou ás persoas responsábeis políticas das comisións sectoriais do Consello Nacional para abordar aspectos relativos ao traballo destas. As persoas da Executiva delegadas por este organismo para participar nestas reunións deberán trasladar á Executiva Nacional e ao Consello Nacional as conclusións desas reunións.

A. DA SÚA COMPOSICIÓN, FORMA DE ELECCIÓN E COMPETENCIAS DAS DISTINTAS SECRETARÍAS

6.1.- A Executiva Nacional será escollida pola Asemblea Nacional de entre as persoas membros electos do Consello Nacional do BNG.

6.2.- Os compañeiros e as compañeiras integrantes da Executiva deberán asumir individualmente unha área de responsabilidade e responderán da súa actuación perante a Asemblea Nacional, e -no período interassemblear- perante o Consello Nacional como órgano soberano do BNG entre asembleas. Por tanto, o Consello Nacional poderá proceder á reestruturación desta e á remoción de funcións.

6.3.- A Executiva Nacional terá un máximo de quince membros que deberán atender, cando menos, as seguintes áreas de responsabilidade: Organización e Finanzas, Comunicación, Iniciativas Políticas, Acción Social, Acción Institucional Parlamentar, Acción Municipal, Relacións Exteriores e Emigración, Acción Feminista e Políticas para a Mocidade.

6.4.- Atendendo a criterios funcionais cada unha das áreas da executiva poderá desdoblarse en varias áreas, ou á inversa, varias das áreas antes enunciadas fusionarse nunha única área político-funcional.

6.5.- As distintas áreas político-funcionais da Executiva terán atribucións propias dunha secretaría, isto é, terán autonomía funcional para o exercicio das responsabilidades nela delegadas, e deberán render contas da súa actuación á dirección colexiada do BNG. Cada secretaría poderá dotarse dun comité técnico-político de apoio ao desenvolvemento das súas funcións.

6.6.- O cadro de persoal ao servizo das diferentes secretarías da Executiva estará coordinado, á marxe da supervisión que exercer cada responsábel de área, pola Secretaría de Organización.

6.7.- As funcións das distintas secretarías da Executiva Nacional serán as seguintes:

6.7.1.- Organización e Finanzas. Facer seguimento da situación organizativa do BNG, elaborar propostas e planos de expansión e consolidación organizativa, exercer a xefatura de persoal e da administración interna, xestionar as finanzas e deseñar planos e propostas de financiamento.

6.7.2.- Comunicación. Elaborar estratexias de imaxe e comunicación e responsabilizarse da súa implementación a través da propaganda e os medios de comunicación. Dirixir os medios de comunicación propios do BNG e os seus Gabinetes de Imprenta. Xestionar a relación cos medios de comunicación.

6.7.3.- Iniciativas Políticas. Preparar iniciativas para a intervención do BNG no debate político. Promover o desenvolvemento das alternativas programáticas do BNG. Deseñar planos de formación para militantes e cadros.

6.7.4.- Acción Social. Impulsar a política do BNG no eido social, elaborar propostas e iniciativas neste ámbito. Asumir a relación do BNG coas diferentes organizacións sociais.

6.7.5.- Acción Institucional. Deseñar estratexias e iniciativas de intervención institucional. Coordinar a acción institucional do BNG nos distintos ámbitos parlamentares.

6.7.6.- Acción Municipal. Deseñar estratexias e iniciativas de intervención do BNG nas institucións locais. Dirixir e coordinar a política municipal do BNG .

6.7.7.- Relacións Exteriores e Emigración. Deseñar as estratexias do BNG no eido das relacións internacionais e asumir as relacións políticas e diplomáticas do BNG neste ámbito. Deseñar políticas de análise, relación e atención á colectividade galega no exterior.

6.7.8.- Acción Feminista. Políticas dirixidas contra a discriminación de xénero e para a igualdade de oportunidades para as mulleres.

6.7.9.- Políticas para a Mocidade. Deseñar estratexias de intervención do BNG na mocidade, así como potenciar a presenza e consolidación de Galiza Nova nas comarcas e localidades.

B. DO SEU RÉXIME DE SESIÓNS

6.8.- A convocatoria ordinaria de reunións deste órgano é competencia da Portavocía Nacional que actuará, asemade, como moderadora dos debates. Xuntarase ordinariamente con periodicidade mínima quincenal, nos días que fixe a propia Executiva.

6.9.- De xeito extraordinario, cando os acontecementos o requiriren, poderá xuntarse a proposta dun terzo dos membros da Executiva.

6.10.- As propostas de inclusión de puntos na Orde do Día serán comunicadas á Portavocía Nacional cando menos con 48 h. de antelación ao comezo da reunión.

6.11.- . A Executiva Nacional responderá aquelas cuestións que lle foren formuladas polos consellos comarcais e remitiralles unha resposta no prazo máximo dun mes, agás naquelas cuestións de extrema urxencia razoada, que será contestada na primeira xunta da Executiva. No caso de o asunto presentado polo consello comarcal ter interese para toda a organización, dará conta del no seguinte Consello Nacional para se trasladar aos consellos comarcais e se difundir entre a militancia. Naqueles asuntos que se xulgaren de máxima relevancia política, os órganos de dirección nacional, antes de adoptaren unha decisión definitiva, solicitarán a convocatoria de asembleas comarcais coa finalidade de debater entre o conxunto da militancia do BNG sobre estes e coñecer a súa opinión.

7. DA PORTAVOCÍA NACIONAL

A Portavocía Nacional configúrase como un cargo unipersonal da organización que terá como misión esencial a dirección dos traballos da Executiva Nacional e a expresión pública das opinións orgánicas do BNG. De ficar vacante no período interasemblar o Consello Nacional é competente para escoller portavoz nacional até a convocatoria de nova asemblea.

7.1.- Son funcións da Portavocía Nacional:

7.1.1.- Dirixir os traballos da Executiva Nacional do BNG e moderar as reunións dos órganos nacionais do BNG.

7.1.2.- Presidir os distintos órganos de decisión e convocar reunións da Executiva e do Consello Nacional.

7.1.3.- Presentar á Executiva Nacional unha proposta de regulamento de funcionamento interno desta.

7.1.4.- Asumir as funcións de máxima representación externa e interna do BNG actuando como portavoz oficial do BNG en declaracións públicas, correspondéndolle a transmisión de opinións orgánicas do BNG, e en relacións con outras organizacións.

7.1.5.- Subscribir, en nome da organización, os acordos que o BNG formalizar con calquera outra organización política, social ou sindical, tanto nacional como internacional.

8. DA ESTRUTURA TERRITORIAL

O BNG estrutúrase territorialmente en comarcas e localidades e poderán crearse, se as circunstancias así o aconsellaren, órganos de coordinación intercomarcal.

A. DAS COMARCAS

8.1.- Para a creación dunha nova comarca do BNG deberá existir unha mínima dispoñibilidade de recursos e unha estrutura de cadros e unha base suficientemente ampla, que garanta a vitalidade política e organizativa da nova demarcación. En calquera caso, serán requisitos mínimos para a creación dunha nova comarca que, nos concellos que abrangan, o BNG conte cun mínimo de 100 persoas afiliadas e estean constituídas asembleas locais do BNG en –cando menos– o 50% dos Concellos da zona.

8.2.- Poderán crearse subcomarcas, dotadas de certa autonomía funcional no ámbito da comarca en que estiveren inseridas, naquelas comarcas que tendo unha personalidade socio-xeográfica singular non reúnan os requisitos organizativos enunciados no punto anterior.

8.3.- O Consello Nacional será o órgano facultado para aprobar a creación dunha nova comarca ou calquera outra modificación do mapa comarcal actualmente existente, após proposta dos consellos comarcais ou dos consellos e asembleas locais das zonas afectadas.

B. DAS ESTRUTURAS INTERCOMARCAIS

8.4.- Poderán constituírse, segundo aconsellaren as necesidades políticas ou organizativas, comisións intercomarcais tomando como referencia as provincias ou as áreas de influencia das sete grandes vilas da Galiza. Serán membros natos destas comisións os/as responsábeis portavoces e os/as responsábeis de política institucional das distintas comarcas dese ámbito. A maiores, e segundo a índole dos asuntos a tratar, poderán asistir ás súas xuntanzas os/as deputados/as provinciais e os/as deputados/as que teñan asignada a atención a esas zonas. Tamén poderán incorporarse os/as responsábeis comarcais de área cando os temas que se foren tratar así o exixiren. Para a constitución destas comisións intercomarcais será preceptiva a autorización dos órganos nacionais do BNG.

8.5.- Eventualmente, e cando houber asuntos que así o demandaren, poderán convocarse convencións (integradas polo conxunto dos membros dos consellos comarcais dese ámbito) ou asembleas de militantes. En calquera caso, a súa función será só deliberativa e/ou de formulación de propostas aos órganos nacionais do BNG. A convocatoria destas deberá ser autorizada pola Executiva Nacional após proposta da comisión de coordinación correspondente.

8.6.- Tamén se poderán constituír órganos de coordinación entre comarcas limítrofes para problemas comúns que exixiren unha estratexia coordinada por parte do BNG.

C. DA ASEMBLEA COMARCAL

Estará composta por todos os membros do BNG na comarca, será competente para a discusión e crítica política en xeral, e todas aquelas cuestións que atinxiren a expresión da vontade política do BNG na comarca.

A Asemblea Comarcal elixirá á persoa que ten o cargo de responsábel portavoz comarcal. Escollerá asemade unha persoa vicerresponsábel portavoz encargada de axudar o/a responsábel portavoz comarcal no exercicio das súas funcións e de o/a relevar cando for preciso.

8.7.- Reunirase ordinariamente cunha periodicidade trimestral. A convocatoria farase cunha antelación mínima de 8 días á data de celebración.

8.8.- Poderá celebrar xunta extraordinaria a proposta de 1/3 da afiliación ou por decisión do propio consello comarcal. A convocatoria faraa o consello comarcal con 2 días de antelación como mínimo.

8.9.- As asembleas comarcais estarán presididas pola Executiva Comarcal ou unha delegación desta.

8.10.- Os/as responsábeis portavoces comarcais serán os/as encargados/as de moderar os debates das reunións das asembleas e consellos do seu ámbito territorial.

8.11.- A Asemblea Comarcal, ou o Consello Comarcal por delegación, é o órgano facultado para aprobar a constitución de asembleas locais no ámbito desa comarca.

D. DO CONSELLO COMARCAL

O Consello Comarcal é o máximo órgano de dirección do BNG na comarca e ostentará a representación pública do BNG. Cando a dimensión e as necesidades organizativas do BNG así o fixeren necesario poderá constituírse unha Executiva Comarcal con funcións semellantes, no seu ámbito territorial, ás da Executiva Nacional.

Estará composto polos membros elixidos pola Asemblea Comarcal, os/as responsábeis portavoces locais e o/a representante de Galiza Nova. Os membros elixidos pola Asemblea Comarcal representarán cando menos o 50% do total, incluídos a persoa responsábel e a vicerresponsábel portavoz comarcal.

8.12.- O Consello Comarcal xuntarase, como mínimo, con carácter bimestral. Poderase reunir con carácter extraordinario a convocatoria do/da responsábel comarcal ou a solicitude de 1/3 dos membros do Consello Comarcal.

8.13. - Son funcións específicas do Consello Comarcal as seguintes:

8.13.1.- Executar e concretar as liñas de actuación política a nivel comarcal.

8.13.2.- Convocar as asembleas comarcais.

8.13.3.- Aprobar o orzamento e a rendición de contas de cada exercicio para a súa presentación á asemblea comarcal e posterior envío ao Consello Nacional.

8.13.4.- Aprobar os planos de traballo e o orzamento, se o houber, das áreas de responsabilidade e o nomeamento das persoas responsábeis destas.

8.13.5.- Facer seguimento trimestral, como mínimo, dos planos de traballo das secretarías comarcais.

8.13.6.- Aprobar, se proceder, as peticións de alta no BNG.

8.14.- A mecánica e normas que rexen a elección dos membros do Consello Comarcal, dimisións e substitucións etc. é a mesma que se establece para os órganos nacionais.

8.15.- O sistema de elección dos membros de elección directa en Asemblea Comarcal, caso de haber máis dunha candidatura, é o de listaxes pechadas e representación proporcional. Para poder participar nas eleccións haberá que ter as cotizacións ao día.

a) O Consello Comarcal saínte elaborará un Regulamento do proceso que será publicitado entre o conxunto da afiliación do seu ámbito e deberá incluír, cando menos, os seguintes aspectos:

a.1. Data de celebración da Asemblea e prazos para a actualización do censo coa posta ao día no pago das cotas dos/as afiliados/as en situación de impago.

a.2. Nº de membros de escolla directa na Asemblea para formar parte do novo Consello Comarcal Aos membros electos pola Asemblea sumaranse, ao final do proceso os/as responsábeis locais e o/a representante designado/a por Galiza Nova.

a.3. Nº de membros que integrarán a Executiva Comarcal de se propor a súa creación.

a.4. Prazo límite para a presentación de candidaturas ao Consello Comarcal

a.5. As candidaturas deberán reunir os requisitos que se fixan para a elección nacional, isto é, deben presentarse ordenadas, contando cun número mínimo de candidatos/as do 30 por 100 dos postos para cubrir e escrito de aceptación a figurar na listaxe de cada unha das persoas candidatas.

a.6. O Regulamento establecerá dous prazos consecutivos espazados entre si e anteriores á celebración da Asemblea Comarcal, o primeiro para a presentación de candidaturas e o segundo para comunicar modificacións ou correccións de erros nestas.

b) O Regulamento someterase a deliberación e votación no momento de constitución da Asemblea e poderanse presentar emendas. En calquera caso estas non poderán afectar aspectos regulados nos Estatutos do BNG.

8.16.- Se se presentaren varias listaxes para optar aos postos do Consello Comarcal de elección directa en Asemblea o cargo de responsábel portavoz e de vice-responsábel recaerá na 1ª e 2ª persoa da listaxe máis votada.

8.17.- Galiza Nova, atendendo ao seu carácter de organización autónoma da mocidade do BNG, contará cunha persoa representante neste órgano.

8.18.- O Consello Comarcal ou a Executiva, se a houber, tenderán a estruturarse no reparto de áreas de responsabilidade de acordo coas áreas existentes na Executiva Nacional do BNG. Deberán existir, como mínimo, as secretarías de Organización, Finanzas e Acción Municipal. A persoa responsábel portavoz comarcal é o/a representante político/a máximo do BNG na comarca.

8.19.- O traballo do Consello Comarcal poderá verse auxiliado pola existencia de comisións e grupos de traballo cunha función similar ás nacionais referidas a ese ámbito territorial.

8.20.- No caso de se producir a renuncia dun ou dunha responsábel ou vice-responsábel comarcal ou local será o propio órgano o que elixa de entre os seus membros a persoa substituta, que exercerá a función até a realización do seguinte proceso de renovación deste.

E. DA ASEMBLEA LOCAL

A Asemblea Local é o órgano básico da organización territorial do BNG debendo estar toda persoa afiliada ao BNG encadrada nunha asemblea local. As súas funcións e composición serán as mesmas que as da Asemblea Comarcal, circunscritas ao ámbito territorial da Asemblea Local, correspondéndolle, ademais, a elección da persoa responsábel local, que ostentará a representación da Asemblea Local no Consello Comarcal.

8.20.- Para constituír unha nova asemblea local será preceptivo que, cando menos, haxa 10 persoas afiliadas ao BNG no ámbito dese concello, e será a Asemblea Comarcal, ou o Consello Comarcal por delegación, o órgano encargado de aprobar a súa constitución.

8.21.- De non reunir un concello esa condición as persoas afiliadas estarán integradas na asemblea local máis próxima ou varios concellos limítrofes poderán constituír unha única asemblea local en tanto non acadaren dimensión suficiente. Será en todo caso o Consello Comarcal o órgano facultado para aprobar este ordenamento.

8.22.- O cambio de comarca dunha localidade debe ser aprobado polo Consello Nacional.

8.23.- Poderán así mesmo existir, para os efectos de vehiculizar o traballo, grupos de base de barrio, parroquiais ou municipais (naqueles concellos onde o BNG careza da incidencia mínima requirida para a constitución dunha asemblea local), baixo a supervisión dos órganos locais ou comarcais do BNG.

F. DO CONSELLO LOCAL

Naquelas localidades onde a dimensión organizativa do BNG e as necesidades de traballo así o demandaren, deberá constituírse un consello local. O seu funcionamento e composición rexerase polos mesmos criterios que o consello comarcal mais referido á localidade e como mínimo o/a responsábel local formará parte do consello comarcal e será a persoa representante da localidade neste organismo.

8.24.- A mecánica e as normas que rexen a elección dos membros do consello local (e da executiva local, se a houber), dimisións e substitucións etc. é a mesma que se establece para os consellos nacional e comarcal.

8.25.- Galiza Nova poderá contar cunha persoa representante no consello local.

8.26.- Se se presentaren varias listaxes para optar aos postos do consello local de elección directa en asemblea o cargo de responsábel recaerá na primeira persoa da listaxe máis votada.

8.27.- Se a dimensión organizativa e as necesidades do traballo así o demandaren poderá existir unha executiva local.

8.28.- Dependentes do consello local poderán existir comisións e grupos de traballo cunha función similar ás nacionais referidas a ese ámbito territorial.

8.29.- A constitución dun novo consello local será aprobada pola asemblea comarcal ou o consello comarcal por delegación, após petición da asemblea local correspondente.

9. DA ESTRUTURA SECTORIAL

A. COMITÉS

Os comités son órganos dependentes da Executiva Nacional que pola índole das súas funcións non teñen un carácter aberto e participativo. Formarase parte dun comité en función do cargo que se ostente ou por ser persoa electa con tal efecto pola Executiva tras a proposta da persoa responsábel da área correspondente. As reunións ampliadas do comité incorporarán o conxunto das persoas responsábeis comarcais da área correspondente.

Poderán dotarse de comités técnico-políticos de apoio todas as áreas político-funcionais da Executiva Nacional.

Crearase a Comisión Nacional de Organización integrada pola persoa responsábel da Secretaría de Organización e as persoas responsábeis comarcais. Esta comisión terá como principais cometidos a coordinación e o seguimento na aplicación dos acordos adoptados polos órganos nacionais do BNG, a definición das actuacións precisas para aumentar a presenza social da nosa organización, incrementar a afiliación e mellorar o noso traballo político.

Atendendo á importancia de asegurar unha homologación de criterios de actuación política e unha coordinación máis efectiva do noso traballo institucional, será preceptiva a existencia dos seguintes comités no ámbito parlamentar e municipal:

9.1.- Dependente da Secretaría de Acción Institucional Parlamentar da Executiva Nacional constituirase un Comité de Política Parlamentar. Serán membros natos deste a persoa responsábel de Acción Institucional Parlamentar e os/as portavoces do BNG nas distintas institucións parlamentares. Eventualmente poderá convocar reunións da interparlamentar do BNG de que serán membros natos os cargos electos do BNG no Parlamento de Galiza, Congreso dos Deputados, Senado e Parlamento Europeo.

9.2.- Dependente da Secretaría de Acción Municipal da Executiva Nacional constituirase un Comité de Política Local. Serán funcións deste Comité coordinar actuacións e elaborar ditames sobre os distintos asuntos da vida diaria das institucións locais. Entre outras funcións encargarase de preparar mocións, convir emendas ás mocións presentadas por outros grupos etc. Integrarán o Comité a persoa responsábel nacional de Acción Municipal e representantes do BNG nos distintos ámbitos da administración local (concellos, mancomunidades, deputacións, FEGAMP). Eventualmente poderá contarse co concurso de persoas expertas.

Con carácter regular celebraranse, tamén, reunións de responsábeis comarcais de Acción Municipal.

9.2.1.- O subcomité municipal das cidades. A importancia política nas cidades exige dotalas dun órgano específico de coordinación. A súa función será homoxeneizar criterios de actuación municipal nas sete principais vilas da Galiza prestando atención especial aos concellos en que o BNG goberna. Integraranos a persoa responsábel nacional de Acción Municipal, os/as alcaldes/esas e os/as portavoces dos grupos municipais do BNG.

B. OS GABINETES E EQUIPAS ASESORAS

Os gabinetes e equipas asesoras son aquelas estruturas consultivas de carácter non participativo de que o Consello Nacional ou a Executiva Nacional decida dotarse, para contar con apoio loxístico e proporcionárllelo tamén aos grupos institucionais do BNG.

As equipas asesoras constituíranas especialistas e terán como función prestar asesoramento puntual aos órganos de dirección e cargos institucionais do BNG (a petición destes) por medio da elaboración de informes, estudos e propostas concretas.

9.3.- Os gabinetes estarán integrados por responsábeis políticos de área e persoas expertas que asesoran nalgunha materia os órganos e cargos executivos.

C. AS COMISIÓNS SECTORIAIS OU TEMÁTICAS

As comisións terán carácter aberto e participativo. Conformaranse tendo en conta as grandes áreas temáticas en que estea estruturada a programación da política institucional, da intervención social, da alternativa ou, no seu caso, a acción de goberno, e, así mesmo, os temas cardinais do proxecto político estratéxico do BNG.

Serán funcións das Comisións do BNG:

a) Debater e definir propostas de políticas temáticas que deba desenvolver o BNG, contribuíndo á elaboración, unificación e homologación da nosa política e discurso dos grandes temas nos ámbitos de cada unha delas, e trasladando as propostas que deste proceso se derivaren aos órganos de dirección do Bloque para a súa toma en consideración e aprobación, se proceder.

b) Elaboración de planos de traballo -que deberán incluír as propostas concretas de seguimento destes que se considera han ser precisas- para desenvolver na súa área de interese, que deberán ser debatidos e aprobados polo Consello Nacional.

9.4.- O Consello Nacional é o órgano facultado para aprobar a creación de cada comisión, que poderá organizarse en tres niveis territoriais –nacional, comarcal e local-. Xa que en todos os consellos (locais, comarcais e nacional) ten que haber unha persoa responsábel da área de Acción Feminista, esta será nomeada tras a proposta da correspondente Comisión de Acción Feminista. As comisións comarcais e locais estarán sometidas ao consello comarcal e local respectivamente.

9.5.- Todas as persoas militantes teñen dereito a pertencer a unha ou varias comisións, que así mesmo estarán abertas á participación de simpatizantes e membros de movementos e organizacións sociais, en especial das que teñan carácter nacionalista.

9.6.- Cada Comisión Nacional contará cunha persoa responsábel político, nomeada polo Consello Nacional de entre os seus membros, e unha coordinadora organizativa electa pola propia Comisión. As distintas comisións poderán dotarse, por razóns de eficacia de funcionamento, de ponencias e dunha comisión permanente de que serán membros natos o/a responsábel político, o/a coordinador/a, os/as responsábeis das distintas ponencias e o membro da Executiva cuxa responsabilidade se corresponder coa comisión. As comisións permanentes, como instrumento de impulso das comisións nacionais do BNG, estarán conformadas cunha persoa representante do consello comarcal nomeada expresamente para tal función.

9.7.- Os órganos nacionais do BNG darán conta ao conxunto das persoas afiliadas das comisións nacionais constituídas en cada período interasamblear, convidándoas a participaren naquelas comisións que foren do seu interese. As persoas interesadas deberán notificar á estrutura nacional do BNG, nos prazos que se estableceren, o seu desexo de se adscribiren a unha ou varias comisións, co obxecto de elaborar un censo de membros destas.

9.8.- As reunións plenarias de cada Comisión serán abertas e publicitadas no conxunto da organización por medio de convocatoria individualizada a cada un dos seus membros e de comunicación aos consellos comarcais do BNG.

9.9.- Os criterios definidos para a constitución, convocatoria e réxime de funcionamento das comisións nacionais rexerán tamén para as comisións comarcais. Os/as responsábeis das comisións comarcais serán membros natos da correspondente comisión nacional.

9.10.- As comisións poderán programar encontros nacionais temáticos para analizar a problemática das distintas áreas de intervención socio-política e debater propostas de actuación. Terán un carácter aberto a toda a militancia e simpatizantes interesados/as. A súa convocatoria debe ser autorizada pola Executiva Nacional.

10. DA COMISIÓN DE GARANTÍAS E O RÉXIME DISCIPLINARIO

10.1. A COMISIÓN DE GARANTÍAS

É o órgano encargado de velar polo respecto ás normas de funcionamento do BNG e aos dereitos dos/as afiliados/as. Será elixida polo Consello Nacional entre persoas que non pertenceren ao

Consello. As propostas do Consello Nacional serán transmitidas ás asembleas comarcais para seren ratificadas, e estas poden recusar algún membro.

A súa función, por tanto, será ditaminar se as sancións ou medidas disciplinarias que se aplicaren se axustan ou non aos principios organizativos e ao ordenamento estatutario do BNG.

10.1.1.- A Comisión de Garantías estará integrada por 6 membros titulares e 4 suplentes; para a súa elección por parte do Consello Nacional será preciso o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros do organismo.

10.1.2.- Os membros suplentes substituirán por orde de designación aos titulares que dimitan ou causen baixa na Comisión de Garantías.

10.1.3.- Caso de se dirimiren asuntos cos que un membro da Comisión de Garantías tiver relación directa ou for, á súa vez, membro do órgano sancionador, este terá de ser substituído por un suplente.

10.1.4.- A Comisión de Garantías non admitirá a trámite os recursos que nas alegacións presentadas non se axustaren ao ámbito competencial deste organismo.

10.1.5.- Nas resolucións da Comisión de Garantías será necesario o voto afirmativo dunha maioría cualificada dos 2/3 dos membros do organismo.

10.1.6.- A Comisión de Garantías constituirase no prazo máximo de tres meses tras a celebración da Asemblea Nacional Ordinaria, nomeando na súa 1ª reunión un/unha secretario/a encargado/a de convocar as reunións, moderar os debates e comunicarse coas persoas interesadas.

10.1.7.- Ante calquera asunto que chegue á Comisión de Garantías esta comisión demandará das persoas interesadas informes e/ou alegacións que deberán ser entregadas á comisión no prazo máximo de 15 días desde a solicitude. A Comisión de Garantías poderá ademais solicitar a comparecencia das persoas interesadas e as aclaracións ou informes complementarios que estime oportuno debendo ser atendidas estas demandas sen dilación.

10.1.8.- O prazo para a resolución dos expedientes será dun mes desde o comezo da instrución e será comunicada por escrito ás persoas interesadas.

10.2. DO RÉXIME DISCIPLINARIO NO BNG

10.2.1.- Calquera actuación atentatoria contra os principios do BNG ou calquera violación flagrante do seu ordenamento estatutario será motivo, atendendo á súa gravidade, de suspensión temporal de militancia ou de expulsión da organización.

10.2.2.- En cuestións disciplinarias que non superaren o ámbito da comarca, decidirá o consello comarcal correspondente, e caberá sempre recurso perante o órgano inmediatamente superior, de acordo coa seguinte relación xerárquica: o consello comarcal sométese á asemblea comarcal, e esta ao Consello Nacional. Os consellos e asembleas, nos seus diferentes ámbitos territoriais, poderán elevar informes aos órganos a que lle corresponda resolver.

10.2.3.- As sancións colectivas serán competencia en primeira instancia do Consello Nacional do BNG, de oficio ou a instancias dun órgano do BNG, así como as que afectaren a calquera membro deste organismo.

10.2.4.- En consecuencia, o Consello Nacional tamén será o órgano competente en primeira instancia na disolución de organismos territoriais por cuestións disciplinarias, co conseguinte nomeamento dos órganos xestores encargados da reorganización do BNG na comarca ou localidade afectada.

10.2.5.- O Consello Nacional é o órgano competente na expulsión de partidos ou colectivos da Fronte.

10.2.6.- Galiza Nova rexerá no réxime de dereitos e obrigas dos/as seus/súas afiliados/as polos mesmos principios xenéricos que rexen no BNG, adaptados ao seu ámbito específico de actuación. En caso de conflito competencial entre os órganos comarcais do BNG e Galiza Nova, resolverá o Consello Nacional do BNG.

10.2.7.- Contra todas as sancións disciplinarias, e esgotados os recursos perante os organismos ordinarios, cabe a apelación, a instancia de parte, perante a Comisión de Garantías, que ditaminará se as sancións adoptadas foron acordes ou non co ordenamento estatutario do BNG.

11. DA TOMA DE DECISIÓNS E O FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS EN XERAL

Todas as decisións dos diversos órganos do BNG serán adoptadas por maioría simple dos presentes. O quórum de constitución para considerar válidos os acordos dos distintos órganos de dirección será o da metade máis un dos seus membros. O quórum de constitución para considerar válidos os acordos das asembleas será o da metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria e media hora despois calquera que sexa a asistencia.

11.1.- As reunións de todos os órganos do BNG deben ser convocadas por escrito e deberán incluír na convocatoria a Orde do Día.

11.2.- Darase publicidade dos seus acordos ao conxunto dos membros do organismo.

11.3.- Existirán libros de actas de reunións de órganos nacionais, comarcais e locais, levantándose acta de cada xuntanza que será aprobada na seguinte reunión. Os órganos locais deben enviar copia da acta ou comunicación de acordos das súas reunións ao Consello Comarcal despois da súa aprobación. Os órganos comarcais farán o propio cursando copia da acta das súas reunións ou comunicación de acordos á Executiva do Consello Nacional.

11.4.- Todos os organismos de dirección do BNG deben levantar acta da súa constitución, detallando os datos completos dos/as seus/súas integrantes e o reparto de responsabilidades. Os consellos enviarán copias aos órganos de dirección dun nivel territorial superior destas actas de constitución. Asemade deberán informar por escrito puntualmente dos cambios que se produciren na súa composición e reparto de responsabilidades.

11.5.- Sempre que o solicitar o 20% dos presentes, as votacións dos organismos serán secretas.

11.6.- Os órganos de dirección do BNG poderán, naqueles temas de singular interese, establecer novos mecanismos de consulta aos/ás afiliados/as e simpatizantes que complementen o debate orgánico. Así o Consello Nacional poderá, con carácter consultivo, convocar referendos para coñecer a posición do conxunto da base social do BNG sobre unha cuestión determinada. Estas consultas poderán ser restrinxidas á afiliación ou abertas aos simpatizantes.

11.7.- O BNG dotarase dunha estrutura estábel de persoas simpatizantes e colaboradoras. A persoa simpatizante ou colaboradora recibirá información regular das posicións políticas e da

actividade xeral do BNG e incentivarase a súa ligazón efectiva no BNG por medio da participación en comisións, asistencia a reunións con voz mais sen voto, e, eventualmente, a convocatoria de asembleas abertas a todas as persoas simpatizantes.

12. DOS CARGOS ORGÁNICOS E INSTITUCIONAIS DO BNG

12.1.- A composición de todas as listaxes para a elección dos órganos de dirección, así como as listaxes electorais contarán cunha porcentaxe non superior ao 60%, nin inferior ao 40% para cada un dos xéneros, no camiño de acadar a plena paridade. Esa mesma porcentaxe deberá reflectirse nos dez primeiros postos de calquera listaxe electoral.

12.2.- O órgano competente para aprobar as listaxes electorais e designar cargos institucionais é o Consello Nacional.

12.3.- Nas eleccións locais, as asembleas locais, vía organismos comarcais, elevarán propostas de lista ao Consello Nacional, para a súa ratificación, se proceder, por este organismo.

12.4.- No caso da elección de deputados/as provinciais, os afiliados e afiliadas do BNG dos concellos da zona electoral correspondente, reunidos en asemblea, realizarán propostas de candidatos/as para a súa consideración polo Consello Nacional.

12.5.- O BNG tenderá a evitar a acumulación de cargos públicos electivos por parte dunha mesma persoa. Así, establécese un réxime de incompatibilidades que impide compatibilizar máis dun cargo institucional.

12.6.- Nos concellos de máis de 25.000 habitantes será incompatíbel que unha mesma persoa sexa portavoz do grupo municipal ou alcalde/esa e responsábel local do BNG.

12.7.- Establécese un límite de 3 mandatos consecutivos na mesma función a partir da 10ª asemblea, tanto no que atinxe a cargos orgánicos como institucionais.

12.8.- O Consello Nacional é o único órgano facultado para, atendendo a necesidades políticas ou organizativas imperiosas, establecer excepcións á aplicación destas medidas.

12.9.- Son obrigas dos cargos electos do BNG a defensa dos dereitos e intereses do pobo galego e o servizo aos/ás electores/as debendo dar conta da súa actuación no exercicio do cargo.

12.10.- Os membros do BNG electos para cargos públicos defenderán unha política acorde coa definida polo Consello Nacional e os órganos de dirección comarcal e local do BNG e teñen o deber político de informar e render contas da súa actividade, tendo o seu cargo permanentemente á disposición da Fronte.

13. DAS FINANZAS E DA ADQUISICION DE BENS E SERVIZOS

13.1.- Anualmente renderase conta dos gastos e ingresos e elaboraranse orzamentos nacionais que deberán ser sometidos á aprobación do Consello Nacional do BNG. Tanto no orzamento como na rendición de contas deben consignarse as os gastos e ingresos comarcais.

13.2.- En consecuencia, será preceptivo tamén a elaboración por parte das comarcas de orzamentos e balances anuais e a presentación destes perante a Secretaría de Finanzas con tempo suficiente para a súa inclusión nos orzamentos e balances nacionais.

13.3.- As cotas dos/as afiliados/as do BNG aboaranse por domiciliación bancaria, agás casos excepcionais e xustificados en que será preceptivo a autorización do Consello Comarcal.

Os consellos comarcais, a petición das persoas solicitantes e atendendo ás súas circunstancias económicas, poderán eximir do pago da cota ou establecer unha cota reducida, para os/as afiliados/as con menos ingresos.

13.4.- Cada grupo parlamentar ou municipal do BNG domiciliará nunha conta autorizada do BNG o cobro das cantidades que o grupo e os seus integrantes percibiren da institución polos diferentes conceptos. Procederase mensualmente a liquidar por parte das secretarías de Finanzas nacionais e comarcais (segundo o nivel territorial) as cantidades que corresponderen ao BNG e aos cargos institucionais.

13.5.- Os pagos internos (caixas comarcais á caixa nacional etc) faranse automaticamente a través de ordes de pago en conta.

13.6.- O BNG ostentará a titularidade de todos os locais, contas e bens cos que opera nos diferentes ámbitos territoriais, ou no seu defecto, a persoa ou persoas que o BNG definir.

13.7.- A adquisición ou alugamento de locais, apertura de contas e negociación de créditos bancarios debe ser autorizada pola Secretaría de Finanzas do BNG, así como a adquisición de bens e servizos por importe superior a 6000 euros. As solicitudes, xa que logo, deben ser presentadas por escrito perante este organismo, debidamente argumentadas e orzadas.

13.8.- A contabilidade comarcal estará centralizada. É preceptiva a existencia dun libro de contas e a emisión de partes de finanzas mensuais dando conta dos movementos de gastos e ingresos da comarca, de que se informará ao consello e á asemblea correspondente. Na contabilidade comarcal, xa que logo, deben estar incluídos os gastos e ingresos feitos polas localidades.

13.9.- Os órganos nacionais do BNG poderán acceder aos libros de contas e ao control dos movementos bancarios das contas ou subcontas comarcais do BNG para recompilar información cando o consideraren oportuno.

13.10.- A explotación dos produtos promocionais do BNG e o uso da marca do BNG é competencia exclusiva da organización nacional. Xa que logo toda comarca que quixer editar este tipo de produtos deberá solicitar antes autorización.

14. DOS CADROS POLÍTICOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, A REMUNERACIÓN DOS CARGOS INSTITUCIONAIS E O PERSOAL AO SERVIZO DO BNG

14.1.- A "liberación" de cadros ou militantes do BNG para a súa dedicación en exclusiva á actividade política e a contratación de persoal para funcións técnicas ou administrativas debe ser aprobada pola Executiva Nacional do BNG, ou a secretaría de Organización e Finanzas por delegación, sexa a súa función nacional, comarcal ou local.

14.2.- A Executiva Nacional determinará o reparto dos ingresos que perciban os cargos institucionais do BNG en concepto de salarios, dietas, asignacións a grupos parlamentares e municipais etc.

14.3.- O persoal ao servizo do BNG, pertenza ao cadro de persoal nacional, comarcal ou local, rexeráse polas condicións contractuais que os órganos nacionais do BNG definiren para os seus traballadores e traballadoras e ao réxime de dereitos e deberes incluídos na lexislación laboral. A Secretaría de Organización levará as relacións co persoal.

14.4.- As/Os militantes do BNG terán preferencia nas contratacións internas e verán garantidos todos os seus dereitos. O BNG establecerá uns mecanismos de selección uniformes para todos os procesos, en todas as instancias tanto institucionais, como orgánicas e territoriais. Os procesos deberán garantir os principios igualdade, mérito e capacidade e deberán ser publicitados para que calquera militante que, cumprindo os requisitos exixidos, desexe acceder ao posto, teña posibilidade de facelo.

15. DOS ÓRGANOS DE EXPRESIÓN

Os órganos de expresión oficial do BNG son o voceiro Be-ne-gá, a circular informativa Axiña, e o periódico electrónico www.bng-galiza.org. A Executiva Nacional está facultada para crear novos órganos de expresión ou modificar os existentes, e rendera contas disto ao Consello Nacional.

16. DOS SÍMBOLOS.

O BNG asume a Bandeira Nacional de Galiza e a mesma coa inclusión da estrela encarnada de cinco puntas.

O Himno da organización é o galego.

